
ATENEA

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
AURORA MARTÍNEZ
BEATRIZ PICOS
BLANCA QUINTANILLA
EDUARDO FRA MOLINERO
FRANCISCO RAÑAL
HÉCTOR BLANCO
LEANDRO
NATALIA / FLORA (UCRANIA)
PEDRO J. GLEZ. RODRÍGUEZ
ROBERTO CASTELEIRO
SABELA ARIAS
MAURICIO CASTRO
SEX
LUIS CALVO
ISMAEL MARTÍNEZ




nº4

XOVES TEATRAIS

OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2000



OUTUBRO
Sarabela Teatro. "O LAPIS DO CARPINTEIRO"
Días: 4 ás 12:00 hrs e 5 ás 20:30 hrs
Teatro do Noroeste. "A CELESTINA, COMEDIA DOS TOLOS AMORES DE CALISTO E MELIBEA"
Días: 19 ás 20:30 hrs e 20 ás 12:00 hrs
Teatro Galileo. "DIARIO"
Día: 26 ás 20:30 hrs



NOVEMBRO
Teatro do Aquí. "CRIATURAS"
Día: 9 ás 12:00 hrs e 20:30 hrs.
Ancora Produccións "SUCESOS"
Día: 16 ás 12:00 hrs e 20:30 hrs.
Os Contracontos. "CAPERUCITALOXÍA"
Día: 23 ás 12:00 hrs e 20:30 hrs.
Claudia Campos & Alalá Produccións. "SAMBANDO NA LAMA DE ZAPATO BRANCO"
Día: 30 ás 12:00 hrs e 20:30 hrs.

DECEMBRO
Teatro de Malta. "EL ORGULLO DE SIR GAY"
Días: 13 ás 12:00 hrs e 14 ás 20:30 hrs.

Tódalas funcións no Auditorio do Centro Torrente Ballester agás a do día 13 que será no Auditorio da FIMO.

As funcións da maña son exclusivamente para Institutos. As da tarde para público en xeral.

PROGRAMACIÓN (CULTURA)

Ferrol

Unha boa alternativa

Exposicións no TORRENTE BALLESTER

OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO 2000

OUTUBRO - NOVEMBRO
2-8 SEMÁN DE ISLANDIA. TITERES, CONFERENCIAS E EXPOSCIONS EN COLABORACIÓN CO XACOBEO.

9-31 PREMIO MÁXIMO RAMOS

GALICIA EN FOCO. Fotografía.



FINAIS DE OUTUBRO - 1ª QUINCENA DE NOVEMBRO
SIRO. Debuxos.

NOVEMBRO - DECEMBRO
21-9 LEYRA DOMÍNGUEZ. Pintura.

17-9 EIXO ATLANTICO

DECEMBRO - XANEIRO
15-12 DALI, GALA E LACROIX


13-12 SUSO BASTERRECHEA





Concello de Ferrol

editorial



Hoxe, coa continuidade desta revista ATENEA, témo-la obriga ", e así hai que facelo e deixalo por escrito, de adica-la presente Editorial como agradecemento e celebración desa décima edición do "Constantino Bellón. Agradecemento ó seu creador, Víctor Fernández Gabeiras, agradecemento a tódolos gaiteiros participantes, ganadores ou non -ganamos todos- e a todas esas persoas e entidades que, desde sempre, veñen dándonos o seu alento e ánimos para chegar ata aquí e darnos azos para seguir cara adiante. Por último, un agradecemento especial a Fernando Amarelo de Castro, outro bo ferrolán que, dende o seu posto, facilitou que o "Bellón" chegara, dende hai xa varios anos, a tódolos gaiteiros da emigración.

Foi hai máis de dez anos cando o amigo Víctor chegou polo Ateneo a contarnos unha idea que levaba tempo dando voltas no seu maxín. Falamos longo e tendido do seu proxecto, que non era outro que un concurso de composición e interpretación de gaita galega, dirixido só a gaiteiros. Falamos de todo, mesmo da conveniencia de se o Ateneo era a entidade axeitada para levar a cabo o mesmo. Falamos sobre todo das dificultades que iamos atopar para levar adiante un proxecto tan cobizoso e, desde Ferrol, tan lonxe e abandonado de apoios institucionais, e sabendo da necesidade de acadar unha continuidade no tempo que garantira o éxito; aquelo non podía quedar soamente na celebración de dúas ou tres edicións.

Seguindo a mirar, polo miúdo, eramos conscientes da ambición do noso proxecto e das dificultades que atopariamos por carencias propias e outras por falta de comprensión, cando non, as menos, por desinterés dalgúns que tiñan a obriga moral de estar connosco. Mais tamén sempre soubemos que en Galicia hai moita sensibilidade polo noso, e que é doado atopar vontades, só é cuestión de tempo e de traballo. Non nos equivocamos.

Partiamos de algo fundamental como era a necesidade de darlle ós nosos gaiteros algo tan sinxelo como é a música, pezas que tocar entre a limitada variedade tradicional onde escoller e crear un clima de interese entre eles mesmos e os compositores, para aportar unha inxección de frescura e novidade na nosa música.

Ó falar da nosa música, falabamos dese aire tan noso e tradicional, tan galego como é o "toque pechado". Dentro desa liña, quixemos imprimirlle unhas características propias e coherentes cos seus obxectivos. Así, o "Constantino Bellón" é coñecido polo estricto das súas bases, que están a convertilo na plataforma máis representativa e garantía da nosa música de gaita. Outras das características de seu son o propio nome e logotipo do Concurso, feito cun dos debuxos mais representativos do pintor Luís Seoane, coa tradicional figura do gaiteiro galego que vai impresa en toda a publicidade, así como feita nunha peza de cerámica, elaborada por Sargadelos e que se entrega a tódolos gaiteiros finalistas e entidades colaboradoras.

Falar de Constantino Bellón entre os gaiteiros ferroláns era falar dun mestre gaiteiro que o foi de moitas xeracións. Por iso quixemos darlle o seu nome, como unha homenaxe a todos esas persoas que, dun xeito calado e sacrificado, souberon manter lonxe as cada vez máis fortes influencias universais, de músicas alleas e novas técnicas que puideran facernos perde-las nosas raíces e, ó longo dos tempos, o noso son.

Vimos de rematar eses dez anos cunha grande ilusión posta nesas xestións que no Ateneo estamos a desenvolver, para acadar unha publicación que recolla os varios centos de partituras e discos gravados en tódalas finais do concurso do "Constantino Bellón", e dese xeito, contribuír á continuidade e mantemento da nosa música co orgullo e ledicia que nos dá facelo dende Ferrol, dende unha cidade que tanto ten aportado en feitos e persoas á nosa historia e á nosa cultura.

Gracias a todos



nº4

ATENEA

Revista trimestral do ATENEO FERROLÁN


EQUIPO TÉCNICO E REDACCIÓN
Luis Calvo Teijo
José A. Villar Corral
Fernando Ocampo Montesinos
María del Mar Villares Díaz

ILUSTRACIÓNS
Leandro

CORRECIÓN LINGÜÍSTICA
Margarita Souto Fraga

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Madalena, 202, 1º - FERROL
Teléfonos: 981-357970 / 354098
FAX: 981-354098
Correo Electrónico: a_ferrol.teleline.es
Depósito Legal:
ISSN: 1575-9679

COLABORACIÓNS
Agustín Fernández Paz
Agustín Sixto Seco
Aurora
Beatriz Picos
Blanca Quintanilla
Carlos Casares
Eduardo Fra Molinero
Fernando (Patrimonio)
Francisco Rañal
Héctor Blanco
Leandro
Natalia (Ucrania)
Pedro J. Glez. Rodríguez
Roberto Casteleiro
Sabela Arias



sumario



Na biblioteca do Ateneo existe un importante volumen de libros adicados ó teatro; éstos non se atopan formando un único fondo senón que forman parte de outros máis amplios e por eso neste novo número da revista damos a coñecer todos unidos,para que todos os socios/as ou usuarios que se acheguen a nós sepan o que poden atopar.

Dentro do teatro galego contamos coas obras máis representativas dos máis destacados autores; pódense encontrar as obras de Cunqueiro, Blanco Amor, Castelao,
Dieste...Vidal Bolaño ou Cortezón; tamén traduccións de obras clásicas de outras linguas.

Pero esto non é o único xa que tamén hai o que chamamos obras de critica literaria, donde se analizan os traballos dos nosos autores e tamén estudios sobre o propio teatro como a "Historia do teatro galego" de Laura Tato.

Así mesmo contamos coa amplia colección de obras editadas polo Centro Dramático Galego, libros moi interesantes, xa que non sólo recollen as obras en sí, senón que expoñen como foi a súa montaxe para a representación nos escenarios.


No apartado de teatro en lingua castellana, contamos coas obras dos grandes autores clásicos do estado, non podían faltar Rojas, Calderón, Lope de Vega, e máis próximos a nós Valle Inclán, Lorca ou Mihura; ademáis de autores máis actuales tanto nacionais como extranxeiros, tendo como exemplo a Alfonso Sastre, Darío Fo ou Antonio Gala.

Ó contar a biblioteca cun importante fondo de inglés, nela se poden encontrar as mellores obras dos escritores máis destacados, con Ben Jonson, Shakespeare en edicións actuales e en outras interesantes de principio de siglo.

Outro dos fondos da biblioteca que conta con obras de teatro é o fondo antiguo, aquí o volumen de obras é menos importante pero sólo na cantidade, xa que cualitativamente é digno de resaltar. Entre elas dos tomos coas obras de Leandro Fernandez de Moratín editado en Madrid no 1844; "España en Cuba" de Ricardo Caballero y Martinez, editado en Ferrol no 1896; "Aire de fuera" de Manuel Linares Rivas, Madrid 1905, e "Haz bien" de Emilio Pita do Rego, editada en Ferrol no 1905 e estrenada no Teatro Jofre.

Pero o Ateneo non sólo conta con biblioteca, senón que ten unha importante hemeroteca, que por suposto tamén esta representado o teatro, por eso os usuarios poden atopar revistas como "Escaramuza", "Pipirijaina", "El Público" ou o "Boletín de la Compañía Nacional de Teatro Clásico".

Por último sinalar que dentro das variadas actividades que desenrola o Ateneo Ferrolán en relación co teatro, no ano 1998 publicóu a obra "De trobas e casorios" da autora Belén Roca.



Sofía Casanova e Ferrol

Este ano o Caderno anual do Ateneo Ferrolán adicaráse á escritora e insigne periodista Sofía Casanova, personaxe mal coñecido hoxe pola maioría, pero moi popular e de enorme importancia na súa época.

Aínda que Sofía Casanova non naceu na cidade departamental, a súa vinculación con ela é profunda xa que as súas raíces maternas son ferrolanas. Descendente dunha familia de Ferrol –a dos Cancela- a súa educación, e incluso a súa supervivencia en varias ocasións, dependeu deste feito posto que os da súa casta sempre emparentaran cos membros doutra bastante máis coñecida pola súa enorme influencia económica e social; a dos Pla, cunha notable existencia da que hai destacada testemuña, non so na nosa cidade. Baste lembra-la figura do Marqués de Amboage ou a Don Benito Pla y Cancela, de sobra coñecidos.

O nome de Sofía Casanova, ademais, honra a un Instituto de Ensino Secundario da nosa localidade, e decimos honra, non polo tópico, senon porque cremos que o fai na realidade, pese á opinión –sempre respetable como tal- de outras voces que públicamente fixéronse ouvir cando o Claustro de profesores do Instituto antes chamado "Camilo Alonso Vega" acordou propoñe-la adopción do nome da escritora e relega-lo do militar ferrolán.

Unha daquelas voces que se deixara ouvir enton foi a de D. Alfonso Couce Doce, firmante do artigo "Incongruencia pueblerina", publicado nas páxinas de Ferrol da Voz de Galicia (21-2-1989). No mesmo Alfonso Couce Doce expresaba o seu estupor diante do afán dos ferroláns por mudar de nomes a lugares e institucións, cuestión coa que, ó parecer, non estaba dacordo, -poñía coma modelo a actitude contraria da capital da provincia- e acusaba ó claustro do Instituto de sustituir un personaxe franquista por outro, xa que daba por feito que a cuestión política fora o motivo do cambio. Supoñía o articulista que, ó ser Sofía Casanova unha exiliada en Polonia, o colectivo de profesores "crérona izquierdista e anti-rexime franquista". Descontextuando, pero supomos que querendo ser obxectivo, aportaba ós lectores datos da visita realizada por Sofía Casanova en plena guerra civil á Coruña que acreditaban, segundo él, a amizade persoal de Franco coa escritora –primer erro-, afirmaba que "nada tivo que ver con Ferrol" segundo erro-, e citaba a Ysart de xeito equivocado para acreditar outra fazaña de Sofía que non figura na citada obra.

Se nos lembramos deste artigo aquí, logo de ter pasado tantos anos, é para lembrar que o descoñecemento lévanos sempre, e a tódolos humanos, ó erro. Neste caso doble por non ter apuntado correctamente as causas do cambio de nome e por ter etiquetado ideolóxicamente a un personaxe que, como casi todos, non son doados de catalogar.

Non se esqueza –"sen despreciar a ninguén", coma se di neste paísque D. Camilo Alonso Vega non foi prototipo de home de cultura. Os seus valores (todo o mundo ténnos) eran outros, e o claustro de profesores do Instituto non era alleo a esta cuestión. É máis, xulgouna capital. Sofía Casanova, sen embargo, ademais de posuir outras virtudes, era unha persoa moi culta e, dende logo, modelo de muller pioneira no campo intelectual nada aberto ás féminas do século XIX. Naquel claustro, precisamente, a persoa que propuxo o seu nome esgrimiu coma valor principal da escritora a súa condición de corresponsal de guerra no periódico español máis lido e importante da súa época e esa característica, xunto á esencial de que se trataba dunha muller galega (eran tempos nos cales xa comezara o rescate do noso) fixo que o seu nome semellase o máis axeitado, aínda respetando o valor doutros dignos candidatos.

A Sofía Casanova coñecíaselle polas súas crónicas e valorábaselle fundamentalmente por elas, polo seu servicio coma enfermeira na fronte oriental da Primeira Guerra Mundial e por ter expresado a súa visión e testemuña da Revolución Bolchevique. Por todo elo, propoñíase o seu nome, non pola súa ideoloxía, aínda que se partise dun rexeitamento xeral a que o Instituto continuase a leva-lo nome dun militar franquista, cuestión que tampouco pódese negar. Eran tempos nos que se desexaba supera-la todavía moi recente dictadura.

Aínda que esta cuestión é anecdótica, -e comentámola aquí porque pertence á historia cotiá de Ferrol e non con ánimo de molestar-, non por elo deixa de ser unha mostra da falla de información que adoitamos ter cando xulgamos a moitos dos eminentes galegos que nos precederon e que están por rescatar do semiesquecemento xa que a nosa falla de memoria histórica condenounos a ignorar.

O contido do Caderno deste ano adicaráse á semblanza de Sofía Casanova para que a súa lectura permita ó lector achegarse á extraordinaria complexidade da súa biografía e do seu pensamento e poida valora-lo seu talante e a súa labor dende un coñecemento mínimo.

Pretendemos dar noticia non so da súa faceta de muller culta e de letras (non en vano foi candidata ó Premio Nobel e Académica da R.A.G.) senon tamén da súa actitude coma ser humano. Cremos que o seu enérxico temperamento, a súa complexa personalidade e as extraordinarias vivencias que coma muller tocoulle sufrir –xa que foi testemuña e parte das duas grandes guerrras que asolaron a Europa no século XX e do estoupido da Revolución rusa, que daría paso á extinta U.R.S.S.- fan que o seu perfil biográfico teña un interese innegable.

Trátase dunha escritora e periodista cunha obras que merecen a atención e das que, desgraciadamente, non se conta con modernas edicións ó alcance de calquera lector. Sofía Casanova cultivou diversos xéneros literarios, foi moi estimada coma poeta, coma narradora e ata, coma autora teatral, foille concedido o extraordinario privilexio para unha muller daquela época de estrear unha das súas obras en Madrid. As súas crónicas periodísticas están dotadas dunha extraordinaria modernidade, expresan dun xeito apaixoado unha realidade palpitante e transmiten ó tempo a madura reflexión de quen coñece profundamente o mundo no cal xurdeu a noticia.

Se se ten en conta que Sofía Casanova foi a primeira muller española que exerceu coma corresponsal de guerra dun xeito permanente, xa que, antes que ela, so Carmen de Burgos dera noticia da guerra de África, dun xeito provisional e durante pouco tempo, pódese valorar con xustiza o esforzo, arroxo e importancia do seu traballo.


Non foi Sofía Casanova un personaxe nacido en Ferrol, pero sí a súa vida estivo estreitamente vinculada a ferroláns que, en momentos verdadeiramente difíciles, claves, da existencia da escritora fixeron posible a súa supervivencia ou abríronlle camiño na súa vida profesional, Sen eles, xamais chegaría chegaría onde foi quen de chegar. Sen os relatos do seu avó, ferrolán, o seu poder de creación literaria non sería o mesmo. Sen o seu amparo, a pequena Sofía non se formaría intelectualmente. Sen outros ferroláns próximos, probablemente hoxe non poderíamos disfrutar das súas obras.

Mario Couceiro (Voz de Galicia. 6-3-1985) interpretou no seu día a elección do nome de Sofía Casanova para o Instituto que hoxe se chama así, coma un "impulso romántico" e salientou no seu artigo o "halo romántico" que rodea sempre a figura da escritora. Quizais sexa ho que este ano nos deixemos levar por ese mesmo impulso e acheguémonos ó Caderno do Ateneo Ferrolán do 2000 a fin de coñecer a este interesante e controvertido personaxe que forma parte, guste ou non, da elite das mulleres do noso país.



A redacción do Caderno do Ateneo Ferrolán deste ano correrá a cargo de Rosario Martínez Martínez, quen foi profesora durante once anos do Instituto "Sofía Casanova" desta cidade,chegando ó mesmo cando aínda era o "Camilo Alonso Vega". As súas investigacións oriéntanse cara á personalidade e a obra da escritora, obxecto da súa tese doctoral, e dos seus debuxos publicados.

Mª Rosario Martínez Martínez



SAUDANDO Á EXPOSICIÓN-HOMENAXE ADICADA A D. JOSÉ LEYRA DOMÍNGUEZ


Seguindo o costume que dende hai uns anos o Ateneo Ferrolán leva adiante, consistente en homenaxear a un dos nosos pintores, este ano a figura elixida foi a de José Leyra Domínguez (912 - 1917).

Reduci-la figura intelectual de Leyra Domínguez á de pintor non axudaría a comprender ó personaxe. Foi, ante todo, un home interesado en todo aquelo que arrequecese ó ser humano. Coma escritor, a súa pluma trazou interesantes estudios adicados a Pablo Iglesias, Santiago e Prisciliano, Felipe Bello Piñeiro, etc. Dormen sen publicar certos traballos como a historia de San Sadurniño, as súas memorias e un estudio arredor de Juan XXIII e a súa relación co escultor Giacomo Manzú. Conferencias de barroca oratoria, os seus temas predilectos para deleitar ós auditorios xiraban arredor da paisaxe galega, a literatura galega, a historia, a arte, etc. Son moitos os ferroláns que tiveron a D. José Leyra como mestre, pois exerceu a docencia en múltiples centros privados de Ferrol.

Docencia, actividades públicas, despacho de avogado... Cando podía, especialmente as fins de semana, Leyra Domínguez saía ó campo, a aquel campo tapizado de múltiples cores que axudaba ó noso personaxe a bebe-la paz, aquela paz e felicidade campesiña tan louvada por Virxilio. Alí pintaba, extasiado diante da paisaxe galega, á procura de vistas, encadres e perspectivas diferentes.

O seu veciño, o pintor Rafael Martínez Vilela, axudárao ó comezo, pero foi de Felipe Bello Piñeiro de quen Leyra deprendeu máis e mellor. Axiña soltou amarras e navegou só. Coma el mesmo dicía, era pintor de moitos cadros e de poucas exposicións. Os seus cadros reflicten o seu gosto pola Galicia tradicional, polas paisaxes dunha inmensa grandeza na súa humilde sinxeleza, polos mares embravecidos que atormentan os nosos acantilados e morren nas praias.

Pódese dicir que hai algúns temas ou lugares predilectos na pintura de D. José Leyra. San Sadurniño é un deles. ¡Cantas veces pintou o seu famoso Pozo dos Donceles, no cal a lenda fai desaparecer a un rapaz estudiante do convento veciño!. Tamén por terras de San Sadurniño,



concretamente na Fraga da Duquesa, atopábase o que o pintor chamou "o patriarca da fraga": un multicentenario carballo que, cal xigante Polifemo, inmortalizou o noso artista en múltiples veces.

As cañotas foron sempre obxecto da súa querencia. Ben pintaría centenares deses vellos troncos que aínda se resisten a caer, posto que desexan morrer de pé.

Durante máis de sesenta anos pintou multitude de lenzos que hoxe salpican a xeografía de países varios.

Él era unha persoa que amaba profundamente a arte e a beleza. O mesmo que no Códice Calixtino, cando di que calquera que suba ó triforio catedralicio experimentará un gran gozo, D. José Leyra tamén alegraba o seu corazón nada máis entrar no mundo da arte. Lembraba sempre a impresión causada tras mira-lo "Buey en canal", de Rembrandt, no Louvre. A "nada" daquel lenzo estaba chea de suxerencias, matices e secretas profundidades. Para el era "un sublime contrapunto de vermello e negro, le luz e tebras, de claridade e sombras". Si, lémbrome moi ben da súa especial veneración por Rembrandt. O seus autorretratos, cheos da ledicia de vivir ás veces, cheos de melancolía outras, viñan ser para D. José coma o espello no cal se contempla a vida humana.

Admiraba con especial coidado a Miguel Angel. O seu corazón esponxábase ó contar cómo se sentira golpeado por aquela "obra de desalento, síntese dunha vida atormentada" que para el era "La Piedad" da catedral de Florencia, que admirou durante o seu periplo italiano de 1969. Tralo seu paso pola Capilla Sixtina, segundo escribiu, sentiuse anonadado: como pode estar todo ser humano que por primeira vez contempla o tumulto das olas e a inmensidade do mar.

Sempre lle gostaba dicir que o cadro de tema histórico máis importante de toda a historia era "Las Lanzas", de Velázquez. A impresionante plasmación do ar, esa perspectiva aérea da que Velázquez foi o rei, admiráballe, pero máis aínda o tema en si: a nobreza de xestos, ese aparentar que non había nin vencedor nin vencido.


Pero D. José Leyra, bo coñecedor da estética de Benedetto Croce, sabía e aceptaba que, no fondo, a subxectividade é todo no ser humano. A arte non era allea a isto. Aló onde o home ve arte é que alí hai arte.. Non era excluínte.

Agardo e desexo que esta exposición en homenaxe a D. José Leyra, que o Ateneo Ferrolán organiza, sirva para desmentir, cando menos por uns días, que ata os mortos morren un día. Que así sexa.



Pedro Javier González Rodríguez

BREVES APUNTES DO CI



Probablemente, cando os irmáns Lumière fixeron o seu primeiro pase público do "cinematógrafo" aquel célebre 28 de decembro de 1895 en París, e con posterioridade, os pasearon por todo o mundo, os espectadores que o contemplaban, normalmente nunha barraca de feira, estaban afeitos a coñecer sorprendentes e inxeniosos artefactos mecánicos que reproducían imaxes e que tanto proliferaron ó longo do século XIX.

O cine non foi tanto un descubrimento coma unha evolución, a confluencia de toda unha serie de liñas de investigación que se remontan a séculos atrás. Aquelas linternas máxicas que reproducían vagas imaxes deixan entrever esa necesidade humana de reproducir imaxes en movemento e nomes como Muybridge - entre 1872 - 1878 logrou capta-lo movemento dun cabalo por medio dunha secuencia fotográfica -, Marey coas súas cronofotografías, os irmáns Skladanowsky ou o propio Edison, abren o camiño cara o advenimento do cine.

¿Qué singularidade reside no cinematógrafo Lumière que deu nacemento ó que hoxe chamamos cine ? En primeiro lugar, os Lumière lograron dominar a un aparato que ata daquela non salira do ámbito científico. Para elo, utilizaron nas súas películas os cánones pictóricos herdados do Renacemento por medio do uso da perspectiva - profundidade de campo fotográfico, a composición no interior do encadre e o tratamento da luz, esa luz cercana ós estilos pictóricos da época como o impresionismo e o naturalismo. Logran filmar "fotografías en movemento" "ó natural" sacando os seus tomavistas á rúa e impresionando a paisaxe urbana. Por primeira vez, o espectador vía imaxes que se achegaban á realidade cotián, ó mundo que observaba cada día:a imaxe concebida como espello da realidade.


Sin embargo, os documentais e noticiarios de Auguste e Louis Lumière víronse pronto sustituidos por outros modelos alternativos. Sen dúbida, o máis interesante é Georges MÉLIÈS, a quen se lle debe o revolucionario descubrimento de utilizar artísticamente as películas con fins de entretemento. Os filmes de Méliès, tan plenos de beleza e prodixio de maxinación, poñen en escena un auténtico estoupido festivo e maxinativo: transformacións, decapitacións, corpos que aparecen e desaparecen..., un espectáculo cinematográfico entroncado coas varietés, o music hall, as pantomimas, a feira. Títulos como El hombre de la cabeza de caucho (1901), Viaje a la luna (1902), Historia de un crimen (1906), ilustran este mundo fantástico melesiano que logrou un notable éxito durante bastantes anos. Non obstante, o público comezou a se cansar do artificio das súas películas; o cine comezaba a atopar unha temática máis ampla, estábase a convertir nunha gran industria e un gran negocio e creadores como Méliès non contaban coas armas suficientes para a batalla contra os novos imperios cinematográficos que comezaban a xurdir, sobre todo, en Estados Unidos.

Con todo, o verdadeiro pai da linguaxe cinematográfico será GRIFFITH. A súa habilidade reside en ter conxuntado as técnicas descubertas polos pioneiros e crear a arte da narrativa cinematográfica. Apoiándose nos códigos do relato novelesco decimonónico, moldeará a imaxe cinematográfica gracias a códigos precisos que convertirán á cámara en "narrador". Así, o cine de Griffith poderá ser "lído" polo espectador. El nacimiento de una nación (1915) e Intolerancia (1916) como apuntou Villegas López, son o resumen do seu xenio creador. Toda a linguaxe do cine como forma, e o trazado do tema como acción, establécense aquí para sempre.

Ademais, estilísticamente falando, foi un mestre do encuadre e do corte, capaz de cortar ó milímetro cada un dos ladrillos nos que ía a construílo seu universo narrativo. Asimesmo, realizou nas súas películas a montaxe alternada de duas escenas distintas.

Mentres o cine americano continuaba a súa andadura narrando "historias" de héroes do Oeste, internábase no cómico da man de Max Linder, Mack Sennett, Charles Chaplin, Harold Lloyd o Buster Keaton e emocionaba ó espectador coas aventuras de capa e espada de Douglas Fairbanks, é preciso regresar a Europa para coñece-la importancia das avangardas cinematográficas en Alemania e a Unión Soviética.

Especial relieve durante este periodo silente é a gran expansión do expresionismo alemán, unha corrente nova da arte que se plasmará no cine no seu particular xeito de visualizar en imaxes, a vida. Coma movemento artístico, o expresionismo abarcou dende 1914 ata 1924, manifestándose primeiro na pintura e a poesía, e máis adiante no teatro e o cine; de feito El gabinete del doctor Caligari, considerada como o cine "expresionista" máis puro que, incluso deu nome a un estilo o "caligarismo", non foi filmada ata 1919. Nela, como nas máis representativas desta avangarda como Metrópolis (Fritz Lang, 1927), os decorados xogan un papel fundamental ó tentar reflectilos estados de ánimo dos personaxes



NE NO PERIODO MUDO.



contribuindo a crear un clima evocador. Utilízanse as perspectivas máis distorsionadas, as liñas disparatadamente oblicuas e os ángulos de cámara máis fantásticos, a carón dunha iluminación expresiva a base de luces e sombras para crear unha determinada atmósfera.

Un avance ou unha experiencia máis do cine no seu camiño para constituirse nunha arte orixinal e autónomo como foi o cine xurdido despois da revolución de outubro de 1917, que levou á Unión Soviética á avangarda artística do cine mundial na década dos vinte.

O cine entendido como propaganda política utilizado polo poder soviético como arma eficaz de axitación, propaganda e educación para unha enorme multitude de xente analfabeta - pero que visualmente entendía aquelo que transmitían as imaxes -, foi o eixo para o desenvolvemento desta industria cinematográfica. Será neste intre cando xurdan "monstruos" como EISENSTEIN, PUDOVKIN e DOVJENKO.


O nome de Eisenstein vai asociado, irremediablemente, á imaxe da masacre dos soldados zaristas disparando contra os cidadáns na escalinata de Odessa de El acorazado Potemkin (1925). Títulos como Octubre (1927) ou Lo nuevo y lo viejo (conocida algunhas veces como La línea general (1928), dan idea do calibre dun dos grandes mestres da montaxe e dun gran teórico da cinematografía. Ó seu carón, Pudovkin, o humanista e Dovjenko, o poeta do cine soviético.

Ata aquí, trazamos unhas breves pinceladas dalguns grandes nomes da cinematografía anterior a 1927, momento no que irrompe o sonoro; non obstante, temos que facer unha salvedade. O cine nunca foi mudo, aínda que este termo goce dunha ampla aceptación. O son, as palabras e a música acompañaron ó cine dende as primeiras proxeccións do cinematógrafo Lumière o do "vitascopo" de Edison. Esto é, as imaxes acompañábanse dunha música en directo - normalmente un pianista, ainda que os Lumière contrataron en 1897 a un cuarteto de saxofóns no seu local parisino - e das palabras dun "explicador" que ía comentando ou ampliando as imaxes que se proxectaban. Ó mesmo tempo, os efectos sonoros - galopar de cabalos ou o rumor da natureza, do mar - realizábanos os propios músicos ou os operadores dende a súa cabina.

En definitiva, o cine sonoro diferénciase do "mudo" en que incorpora ó celuloide aqueles elementos que ata o momento permanecían exteriores á pantalla. Un periodo que amosa no seu camiñar cara o son unha clara evolución e meirande sofisticación. Sen ir máis lonxe, a partir dos anos vinte aquel pianista sustituíuse por grandes orquestas en directo e o explicador cos seus comentarios moitas veces inxeniosos e divertidos atraían ó espectador tanto ou máis que a mesma película.


A chegada do cine falado foi acollida con rexeitamento entre cineastas e críticos. O cine seguía a súa andadura nun intento de tela súa propia individualidade e toda a industria debíase de adaptar á nova situación. Un periodo, sen dúbida, de balbuceos, de camiño, de avance, de revolucións.

Hoxe, este periodo da historia do cine tan apaixoante e complexo, leva asociado o encanto, a fascinación e mailo ensono por ese mundo de cor sepia, - aínda que, ás veces, os fotogramas coloreábanse -, de fantasmas en branco e negro xesticulando na pantalla que permiten se achegar a ese mundo onde se tecen os sonos. Un sono proxectado nunha superficie, en definitiva, CINE.





Aurora Vázquez Aneiros



Asociación Galega de Xestores do Patrimonio Cultural (AGXPC)

Coa denominación de Asociación Galega de Xestores do Patrimonio Cultural (AGXPC) constitúese unha Asociación cultural sen ánimo de lucro, de carácter privado e independente, que se acollé ó disposto na Lei 191/64 de 24 de decembro e demais disposicións legais de vixente aplicación. Esta asociación ten a súa orixe no ano 1997, cando un grupo de profesores da Facultade de Humanidades do Campus Ferrolán decidiron crear o Master en Xestión Do Patrimonio e Bens Culturais, e créase pola necesidade de organizar ós novos profesionais xurdidos.

Entre os fins da Asociación, podemos destacar o de promover e apoiar actividades e iniciativas que redunden en beneficio do noso tan eivado Patrimonio Cultural, así como da súa conservación, difusión e gozo non so entre os galegos, senón tamén achegalo ó resto do mundo. Outra das finalidades sería dar a coñecer a profesión de Xestor do Patrimonio Cultural, divulgando os seus principios e favorecendo iniciativas encamiñadas a promover a xestión profesional do dito Patrimonio en favor dunha rendibilidade do mesmo, tanto dende o punto de vista social como dende unha perspectiva económica, entendendo isto último como a necesidade dunha xestión integral dos bens patrimoniais que redunde no beneficio das poboacións onde están cravados estes recursos.

Entre os obxectivos desta entidade tamén está o apoio ó labor dos profesionais da Xestión de Patrimonio Cultural en institucións, fundacións, empresas e organismos culturais públicos e privados, estimulando a mutua colaboración, así como o establecemento e mantemento de canles de comunicación entre os socios, asesorándoos no ámbito profesional. Promover actividades dirixidas á súa formación continua e promovendo os contactos e fomentando a colaboración con outras agrupacións e organismos nacionais e internacionais de fins similares. Para así deste xeito emprender outras actividades que axuden á consecución das determinacións arriba citadas.

O cumprimento dos obxectivos anteriormente sinalados, poderá realizalo a Asociación por si mesma ou coa colaboración de calquera outra persoa física ou xurídica, pública ou privada, incluíndo sociedades mercantís ou órganos dependentes da Administración Central, Autonómica, Provincial ou Local, así como da Universidade, museos, fundacións e demais centros dedicados á revitalización do noso patrimonio cultural en todos os seus ámbitos.

Os requisitos necesarios para ser membro integrante desta asociación son o de posuír o título de Maxister Universitario nalgunha especialidade relacionada coa xestión do patrimonio cultural ou titulación de postgrao equivalente, ou acreditar unha experiencia profesional de, polo menos, dous anos neste campo.

Con todo isto, o que pretendemos é facer un desenvolvemento sostible dun obxecto ata agora considerado coma un pozo sen fondo de subvencións públicas e privadas, para acabar transformándoo nun producto que, ben xestionado, pode crear postos de traballo e riqueza tanto económica como cultural aló onde estea situado, xa que para mantelo é importante darlle un uso racional, que evite o seu abandono e posterior destrucción a curto ou longo prazo, para así poder legar o que os nosos devanceiros nos deixaron e que nós estamos na obriga de deixar ás xeracións futuras.

Artábria


dous anos de trabalho consciente pola identidade galega

Ante o convite que nos fai a revista Atenea para dar-nos conhecer aos seus leitores e leitoras, tentaremos nas próximas linhas apresentar a actividade sóciocultural que desenvolve a Fundaçom Artabria e, sobretudo, as ideias que fam de motor neste projeçto.

O grosso das nossas actividades vinhéron desenvolvendo-se até agora no Centro Social que Artábria tem aberto na rua Madalena de Ferrol. Precisamente no mês de Setembro cumprím-se dous anos desde que fora inaugurado este espaó que aclhe unha cafetaria –ajuda fundamental ao nosso autofinanciamento- e umha sala de actos na planta baixa; e umha biblioteca, videoteca, obradoiro e diferentes locais cedidos a entidades sociais da cidade, no entresolho.

A Fundaçom Artábria autodefinese como un projecto popular en defesa da cultura nacional, os valores solidários e os direitos históricos da Galiza. Isto plasmase ao longo do ano em grande número de actos que vam dos concertos ás conferências, da participaçom nas festas populares como os Maios ou o Entruido e as Lumieiras, oa teatro, a edicçom de livros e a realizaçom de cursos e outros serviços a sócios e sócias. Todas as nossas actividades tenhem no uso da lígua galega a súa referência fundamental. O motivo é a imperiosa necesidade de adesons públicas e colectivas que tem o nosso idioma, que em Ferrol, como noutras cidades galegas, é usado por cada vez umha menor percentagem da sua populaçom como conseqüencia do já secular processo de extorsom cultural que padece Galiza.

Dentro da firme aposta normalizadora que representa a Fundaçom Artábria, incuise a inequívoca opçom polo reintegracionismo lingüístico, seguindo o melhor da tradiçom histórica do galeguismo, representada em Ferrol polo inesquecível professor Ricardo Carvalho Calero ou o própio Ernesto Guerra da Cal. Como eles, pensamos que o futuro do galego está no seu reencontro com o âmbito cultural dos países de fla galego-portuguesa, e ademais de pensá-lo, levámo-lo á patica.



Também vemos con preocupaçom a pouca impliçaciom que o povo maném na defesa activa de todas as questons que lhe afectam, daí que apoiemos a dinamizaçom e participaçom popular em todo o tipo de movimentos sociais, cedendo-lhes os nossos locais, oferecendo-lhes srviços vçarios e colaborando no que nos é possível.

No tempo que o Centro Social ártabro leva funcionando, temos conseguido avanços no caminho dos fins que definem a nossa actividade: a consolidaçom de um espaço de actividade monolíngüe em galego; a incrporaçom de novo@ falantes, que vem nele un reforço; o apoio a grupos musicais novéis que fam do galego a sua língua de expressom artística; a consolidaçom do nosso grupo A Revolta, que participa activamente na recuperaçom e consolidaçom de festas tradicionais na comarca; a oferta de cursos de diversa temática, com o galego como língua veicular; a referência local para a gente mais preocupada pola problemática e os movimentos sociais na Terra de Trasancos, ...Um projecto, em definitivo, diferente a outros, totalmente independente de instituiçons e partidos, autifianciado graças ao esforço do seu corpo social e nom aos "favores institucionais".

Naturalmente, os problemas que afrontamos para manter em pé esta alternativa som muitos: económicos, organizativos, ... E a habitual incompeesom por parte de algumhas instutuiçons para o labor crítico e autónomo que para nós debe definir a actividade social e cultural de base como a nossa.

Enfim, que com toda a humldade continuaremos a fazer o que até hoje figemos, tentando melhorar e aumentar a nossa influência na comarca, levando a nossa presença mais alá do Centro Social, sempre com a maior das vontades para colaborar com outras entidades sociais como o Ateneu, e esperando a mesma atitude fraternal de todas elas.

E concluímos convidando o leitor, a leitora, a passar polo nosso local e participar da maneira que mais lhe apetecer na famosa realidae que hoje é a Fundaçom Artábria.

ARTÁBRIA fundaçom



Maurício Castro

Presidente da Fundaçom Artábria

PERSONAXES DA BATALLA DE BRIÓN

Cando escribín a "Batalla de Brión" non puiden ter en conta quen a ía representar. Máis aínda, nin siquera sospeitaba que algún día a obra había te-la sorte de ser escenificada. Os personaxes son pois totalmente literarios e naceron e medraron na lóxica dunha acción teatral soamente pensada.

Das persoas interésame o conflicto sentimental e ideolóxico. Son un mesmo conflicto. A acción propiamente dita queda fora da escena (é obscena). Se pensamos axeitadamente as cousas que nos pasan, maiormente nos pasan cando as pensamos. De aí que estes personaxes inventados na Batalla de Brión pensan e sinten moito. Están cargados de ideas e sentimentos no marco dunha guerra. Algún destes personaxes foi especialmente querido para min cando o fun descubrindo.


O Xeneral escribe o diario da súa vida dende a persecución e a depuración. Pasoulle o que a moitos militares da época, que foron perseguidos, depurados, exiliados, metidos en cadea polas súas ideas ilustradas, reformistas e liberais. D. Xerardo é un home intelixente que ten vivido moitas vicisitudes nesta vida e xa ven de volta das inxenuas credulidades. A confianza e as ilusións da súa mocedade veñen moi esmorecidas. Quédalle aínda unha seguridade que é o cumprimento do deber e a lealtade ás ideas reformistas, a pesar dos tempos.

A filla do Xeneral, Ana, é unha moza tamén ilustrada, dentro dos límites e posibilidade que a época e unha cidade como Ferrol permitían. Pertence a unha xeración de mulleres que ollaron esperanzadas ós novos tempos da ilustración. Pero tamén viven dramáticamente a fin destes tempos. Hai moitos exemplos históricos deste tipo de mulleres. O seu sacrificio a prol da estabilidade económica da familia entraba dentro da norma establecida do seu estamento social. Pensar nuha Ana rebelde e romántica sería pensar nun caso extraordinario, así que se foi desenvolvendo para ela unha personalidade dramática, triste, sensible e forte nas súas decisións de cumprimento do deber.

O padre Perrone, o crego italiano deportado por solicitante, é un crego histórico. Non propiamente do século XVIII (cregos solicitantes e desterrados si que os houbo), senon do século XX. Un Pater Perrone veu a España coas tropas italianas de Mussolini. Despois da guerra apareceu como párroco destinado a un pobo de Andalucía. Viña acompañado extrañamente por unha muller que o atendía como "ama" de cura, e pasaba por cuñada. Agora ben, as ideas que expresa o padre Perrone da "Batalla" son propias do século XVIII: Un crego de circunstancias, de escasa vocación, intelixente, choqueiro e de boas lecturas ilustradas. De aí que se entendese admirablemente co Xeneral, que de certo lle faría a vida en Ferrol algo agradable.

O proxectista está inspirado nun capítulo das "Cartas marroquinas", de Cadalso e máis nun libro extraordinario, citado na obra de Diderot: "O sobriño de Rameau". Os proxectistas daquela existían. Os tempos refromistas semellaban que ían con eles. Habíaos a mazo, e parían proxectos de todo tipo, maiormente proxectos disparatados. Pero ninguén pode escapar, penso eu, da maxia das razóns dos disparates. A cuestión do muro ou da tapia do Arsenal era e é unha cuestión que afecta á estratexia militar –iso din moi sesudamente- e afectou e afecta á alma desta cidade tan proxectada no ideal da razón.

Hai mulleres sacrificadas na escenificación, pero que na edición da obra aparecen dun xeito extenso. Dona Patricia, a esposa do Xeneral, e dona Visi, irmá de dona Patricia. Estas dúas mulleres gobernan a casa e



forman esa caste de mulleres "de mando de plaza" que son tan comúns nas cidades militares. As dúas mulleres foron sacrificadas na posta en escena do Castelo de San Felipe por razóns de economía de tempo. Aínda asi a obra sobrepasa as dúas horas. Comprendín o sacrificio, pero sentino, porque estas dúas mulleres pragmáticas, reaccionarias onde as ahí, e que miran con moita claridade polos seus intereses... eran o contraste ideolóxico e psicolóxico de Ana. Víñame continuamente ó maxin a imaxe de dúas mulleres dun gravado de Goya.

E está tamén a bailaora gaditana e o seu axente comercial ou o que sexa. Metina de espía. Un recordo do que logo foron as actividades de Lola a Piconera e tantas mulleres que estiveron no cerne da cuestión política e militar. Máis que carácter feminino, a bailaora é un tipo de moda na época.

Non quixen frivolizar no mundo das cárceres e dos campos de prisioneiros co personaxe do carcereiro das mazmorras de San Felipe. No Castelo de San Felipe había daquela mazmorras e finalmente foi un terrible campo de prisioneiros durante a guerra civil do 1936. Dalgún xeito quixen facer unha lembranza de tales usos do castelo. A escena de liberación do francés (antes espía e agora aliado) e o apresamento do inglés (antes aliado e agora espía) dábame pé para facer un carcereiro pícaro e filósofo á vez. Shakespeare ten magníficos carcereiros nas súas obras. De Shakespeare quitei o modelo do carcereiro, como tamén outras cousas da Batalla.



Por Eduardo Fra Molinero









Unha recuperación histórica: "A Batalla de Brión"

"Amencía o luns 25 de agosto de 1800 envolto nunha espesa néboa que non chegou a disiparse ata as 10 da mañá, hora na cal o vixía de Monteventoso comezou a recoñecer unha escuadra que custodiaba un numeroso convoy..."

Así comeza o relato de Nicolás Fort Roldán que nos fala daquela data histórica na cal o exército e a armada inglesa tentaron destruí-los arsenais e a cidade de Ferrol.



Tiveron que pasar douscentos anos para que Ferrol se dera conta que ten unha historia que recuperar, para mostrar, e da cal sentir orgullo de seu. Cando pasaron os cen anos, no concello tiveron conciencia disto, mais pese a realizar un Pleno municipal cheo de propostas e intencións, todo quedou na celebración dunha misa.


Nesta ocasión temos que celebra-la capacidade asociativa e organizativa dos ferroláns, para conseguir unha celebración acorde coa importancia e dignidade do evento que estamos a falar.

Así, de inicio, as propostas do Club de Montaña e mailo Ateneo Ferrolán, feitas á concellería de cultura en agosto do pasado ano, fructificaron na composición da Asociación 2° Centenario Batalla de Brión, na cal se integraron varias entidades e persoas, a nivel particular, que foi a encargada de toda a organización de tódolos actos de conmemoración.

Recreacións dos enfrontamentos cos ingleses ocorridos nos altos de Brión e tentativas de asalto ó Castelo de San Felipe, xunto con actividades deportivas e culturais encheron os últimos días de agosto, cunha oferta lúdico-histórica que fixeron soa-lo nome de Ferrol nas opcións festivas do verán galego.


Un dos mellores logros e obxectivo desta celebración, como é a procura de integración no circuíto cultural-turístico de Grandes Batallas Napoleónicas, foi a participación nos actos dun grupo de ingleses pertencentes a diversas entidades, e dos Green Jackets da Coruña, organizadores da Batalla de Elviña.

Outra das gratas sorpresas desta conmemoración, foi a capacidade de sacrificio colectivo da xente do teatro ferrolán que realizou a montaxe e estrea dunha obra de teatro sobre a Batalla de Brión.



A coincidencia no tempo da compra do Castelo de San Felipe, por parte do concello, non fixo máis que reforza-la oportunidade e capacidade de xestión das entidades ferrolás que mostraron o camiño de utilización futura do edificio e o seu ambiente coma centro de iniciativas culturais, turísticas e deportivas e xerador de riqueza.











O pasado 31 de agosto tivo lugar no auditorio da FIMO, a celebración da Décima edici´lon do "Constantino Bellón" un ano máis coma peche e colofón das festas do verán.

Dentro do programa, no apartado das Mencións de Gaita "Constantino Bellón", correspondentes ó ano 2000 foron entregadas a GAITA DE PRATA ó grupo tradicional galego "XACARANDAINA", da Coruña, coma homenaxe de recoñecemento á labor desenrolada, a prol da música e da danza galegas, por medio do traballo de investigación e recolleita desenvolvido polo dende a súa fundación.

A GAITA DE OURO na persoa de D. Enrique Otero, gaiteiro e compositor de Vigo, pola súa constante labor, desenrolada ininterrupidamente ó longo da súa vida ata o día de hoxe.

A parte do concurso cun alto nivel de calidade foi disputada polos seguintes gaiteiros

1) Miguel Fraguas López
Tenorio-Cotobade
(Pontevedra)

2) Carina Fragoso Pegito
Bos Aires (Arxentina)
Gaiteiro de Soutelo

3) Pedro David Lamas Varela
Cambre (A Coruña)

4) Victor Iglesias Garcia
Arteixo (A Coruña)

5) Iván Costa Blanco
Moaña (Pontevedra)

6) Juan Carlos Iglesias Esperón
Combarro (Pontevedra)

7) Oscar Miranda Lodeiros
Arteixo (A Coruña)

8) Daniel Bellón Garcia
Barallobre (Fene)

9) Pepe Vaaamonde Manteiga
A Coruña

10) Pilar Rodriguez Otero
Venezuela
Gaiteiro de Soutelo

Entretanto o xurado deliberaba o fallo tivemos a sorte de disfrutar da actuación do Cuarteto de Saxofones "BARVINOK" de Ucrania, composto por catro rapaces que tocaron un amplio repertorio de música clásica.

Logo, como acto previo á lectura do Fallo, tódolos finalistas tocaron a peza "Outonía", de José J. Presedo e a continuación entregáronse os premios que corresponderon a:

2 Accésits de 100.000 pesetas a Pedro David Lamas Varela, de Cambre e Oscar Miranda Lodeiros, de Arteixo, correspondendo o de ganador desta décima edición do "Constantino Bellón" a Pepe Vaaamonde Manteiga da Coruña.






OUTRO "TROZO" DA NOSA HISTORIA



Ferrol hai douscentos anos tiña un sistema defensivo, por unha banda de infraestructuras, axeitado a aqueles tempos, onde a división xeográfica por Trozos tiña un papel relevante, e por outra físico, de organización do persoal, fose militar ou civil. Esto dáballe un espírito de comunidade que influiu, en boa medida, nesa victoria sobre a tentativa de invasión e destrucción que nos ofrecían a escuadra e o exército inglés no seu desembarco no areal de Doniños.

Logo da celebración que vímos de rematar quixera salientar como parte integrante na organización deses actos o carácter colectivo que nos levou persoas e entidades a un traballo nos últimos meses para acadar esa celebración que nos considerabamos unha necesidade e obriga para co noso pobo e a nosa historia.

Quixemos partir dese espírito colectivo, e desa homoxeneidade que ofrece unha sociedade como a ferrolana, tan rica en participación, como reflicte a propia composición da asociación do Bicentenario. Nese senso, recollimos toda a experiencia dos últimos dez anos do Club de Montaña e a Asociación de Viciños de Brión, ás cales se sumou o Ateneo Ferrolán, propóndolle á concellería de cultura de Ferrol a preparación dunha celebración dos douscentos anos acorde coa importancia dos feitos ocorridos.

Dicían alguns dos colaboradores coa organización que o que máis lle chamaba a atención, e gratamente, era o feito de que fosemos capaces de aglutinar persoas e entidades tan dispares arredor dun mesmo interese.

E aquí é onde queremos salientar ese espírito colectivo e desinteresado esa especie de Trozos con diversa procedencia de asociacións deportivas, culturais, veciñais, militares, etc., sen esquecer ós mesmos ingleses e coruñeses, como procedían os defensores de 1800 (de Brión, Ferrol, Ares, Mugardos, Valdoviño, Neda, Xubia, San Sadurniño...) que fixo que Ferrol tivera un papel destacado nos últimos meses de agosto, en canto á oferta do verán galego a nivel turístico.

Ese carácter colectivo e ferrolán que quixemos imprimirlle á celebración, vése moi claramente, no conxunto de persoas, directores e actores, todos eles de grupos ferroláns que foron quen de coller esa obra teatral de Fra Molinero –outro ferrolán, de adopción- e facer unha montaxe que tan gratamente sorprendeunos a tódolos que tivemos a sorte de admirar o 25 de agosto, no castelo de San Felipe, a estrea da obra "A Batalla de Brión", cun nivel e calidade que non desmerece nin ten nada que envidiar a moitos profesionais. Textos, saber facer, músicas, montaxe e luces conxuráronse numha noite máxica que os ferroláns lembraran por moito tempo.

Todo hai que dicilo, esto sucedeu pesia á pouca, ou fría acollida, atopada nalguns medios de comunicación e entidades que deberan estar en primeira liña. Esto, que pode soar a crítica, non é máis que unha queixa, en alta voz, por esa forma de ser de moitos ferroláns que adoitan ter un papel negativo, ou pasivo cando menos, sobre todo aquelo que se faga en Ferrol establecendo, sempre comparanzas con outros lugares e cidades que, para eles, semellan sempre facelo mellor que nós.

Pensamos que Ferrol ten historia de seu e a obriga de dala a coñecer. Pensamos que Ferrol merece o esforzo realizado. Pensamos que Ferrol ten historia e paisaxes dabondo que ofrecer. Pensamos que Ferrol ten un lugar relevante que ofrecer no turismo galego e internacional. Pensamos que Ferrol ten lugar de seu no circuito turístico-histórico das grandes batallas napoleónicas, obxectivo que xunto cos anteriores moveunos á loita por eles.

Esto é o que estamos e seguiremos a facer, con humildade sí, sen prepotencia, máis con orgullo de seu, e cos obxectivos moi claros que ó fin foron os que nos fixeron andar outro Trozo no camiño de facer Ferrol.


Luis Calvo Teijo
Asociación 2º Centenario Batalla de Brión
Agosto 2000.

programación

Outubro

venres 6 (20.30 h.)
Inauguración Exposición de Pintura de:
CRISTINA VÁZQUEZ PÉREZ
do venres 6 ó martes 17

martes 10 (20:00 h.)
CINE: CICLO ECOLÓXICO
"Los últimos días del Eden"



xoves 12 (20.30 h.)
Conferencia Ciclo "O NOSO ENTORNO"
"A problemática medioambiental"
Organiza : Soc.Galega de Hª Natural

martes 17 (20:00 h.)
CINE: CICLO ECOLÓXICO
"El hombre que susurraba a los caballos"
de Robert Redford

xoves 19 (20.30 h.)
Inauguración Exposición de Acuarelas:
ISABEL FERNÁNDEZ
do xoves 19 ó martes 31

sábado 21 (24.00 h.)
ARDORA: MOVIDA NOUTURNA
ORGANIZA: Concellería de Xuventude

CINE: CICLO ECOLÓXICO
"El hombre que susurraba a los caballos"
de Robert Reford




martes 24 (20.30 h.)
CINE: CICLO ECOLÓXICO
"The local hero"

xoves 26 (20.30 h.)
Conferencia Ciclo "O NOSO ENTORNO"
"A interpretación do Medio Urbano"
Organiza: Soc.Galega de Hª Natural

viernes 27 (22.00 h.)
NOITES DO LUGAR: BRASIL
CEA e MÚSICA POPULAR
Lugar: CASA do MAR

sábado 28 (11.30 h.)
OBRADOIRO INFANTIL : TEATRO
Por Anxeles Rodríguez Montero

martes 31 (20.30 h.)
CINE: CICLO ECOLÓXICO
"Un lugar llamado Milagro"



a film by
ROBERT REDFORD
THE HORSE WHISPERER

Novembro

sábado 4 (11.30 h.)
OBRADOIRO INFANTIL: TEATRO
Por Anxeles Rodríguez Montero

sábado 4 (24.00 h.)
ARDORA: MOVIDA NOUTURNA
ORGANIZA: Concellería de Xuventude

CINE: CICLO ECOLÓXICO
"Un lugar llamado Milagro"
de Robert Reford

martes 7 (20:00 h.)
CINE: CICLO de FOTOGRAFÍA
"Blow Up"



sábado 11 (11.30 h.)
OBRADOIRO INFANTIL: TEATRO
Por Anxeles Rodríguez Montero

martes 14 (20.30 h.)
CINE: CICLO de FOTOGRAFÍA (20.00 h.)
"El ojo público"

xoves 16 (20.30 h.)
Inauguración Exposición de Fotografía:
"CAMIÑOS dos ENCONTROS e da CULTURA"
Universidades Coruña e de Braga (Portugal)
Organiza: Universidade da Coruña
(Campus Ferrol)
Do venres 17 ó martes 28

venres 17 (20.00 h.)
CONCERTO: FADOS
Guitarra Portuguesa: Manuel Alves
Viola: Xxosé Saraiba
Fadistas: Toni Castro
María do Sameiro

venres 17 (20.00 h.)
NOITES DO LUGAR: PORTUGAL
CEA e MÚSICA POPULAR de FADOS
Guitarra Portuguesa: Manuel Alves
Viola: Xxosé Saraiba
Fadistas: Toni Castro
María do Sameiro



As actividades recadradas son aquelas que se realizarán fóra das instalacións do Ateneo Ferrolán

Decembro

sábado 18 (11.30 h.)
OBRADOIRO INFANTIL: TEATRO
Por Anxeles Rodríguez Montero

sábado 18 (24:00 h.)
ARDORA: MOVIDA NOUTURNA
ORGANIZA: Concellería de Xuventude

CINE: CICLO ECOLÓXICO
"El ojo público"

sábado 18 (20.00 h.)
CONCERTO:
Presentación do disco CD
FIADEIRO MUSICAL FOLK
Lugar: Auditorio "Torrente Ballester"

martes 21 (20.30 h.)
CINE: CICLO de FOTOGRAFÍA (20.00 h.)
"Smoke"

martes 21 (20.30 h.)
Inauguración Exposición-Homenaxe:
JOSÉ LEYRA DOMÍNGUEZ
martes 21 nov. ó sábado 9 decembro
Lugar: Centro Cultural "Torrente Ballester"



xoves 23 (20.30 h.)
Mesa Redonda:
"A PINTURA DE LEYRA DOMÍNGUEZ"

sábado 25 (11.30 h.)
OBRADOIRO INFANTIL: TEATRO
Por Anxeles Rodríguez Montero

martes 28 (20:00 h.)
CINE: CICLO MUDO
"A Maxia do Cine: Georges Mèliés ..."



sábado 2 (11.30 h.)
OBRADOIRO INFANTIL: TEATRO
Por Anxeles Rodríguez Montero

sábado 2 (20.00 h.)
CONCERTO:
Presentación do disco CD
FIADEIRO MUSICAL "POP-ROCK"
Lugar: Auditorio "Torrente Ballester"

martes 5 (20:00 h.)
CINE: CICLO MUDO
"Peter Pan", de Herbert Brenon (1920)

luns 11 (19.00 h.)
Inauguración Exposición:
O NOSO ENTORNO
Certame Medio Ambiente para Colexios


martes 12 (20:00 h.)
CINE: CICLO MUDO
"Carmen" de Cecil B. De Mille

mércores 13 (20.30 h.)
Presentación Caderno Ateneo Ferrolán
"SOFÍA CASANOVA e FERROL"
por Mª Rosario Martínez Martínez

xoves 14 (19.00 h.)
Mesa Redonda Colexios:
" O NOSO ENTORNO "
Ciclos E. Infantil e Primaria

venres 15 (19.00 h.)
Mesa Redonda Colexios:
"O NOSO ENTORNO"
Ciclo de Secundaria

sábado 16 (20:00 h.)
CONCERTO:
Presentación do disco CD
FIADEIRO MUSICAL "A SÚA VOZ"
Lugar: Auditorio da FIMO



martes 19 (20:00 h.)
CINE: CICLO MUDO
"La Quimera del oro", de Chaplin
sonorizada con música en directo
polo pianista FRAN REY



xoves 21 (20.30 h.)
Inauguración da Exposición:
FEITURA ARTES PLÁSTICAS
xoves 21 decembro ó 7 de xaneiro


XORNADAS DA GAITA

mércores 27 (20:00 h.)
Presentación do disco da 10ª Edicción
e Bases da 11ª do "Constantino Bellón"
ACTUACIÓN EN DIRECTO
Lugar: Auditorio "Torrente Ballester"

xoves 28 (20:00 h.)
Presentación do disco da 10ª Edicción
e Bases da 11ª do "Constantino Bellón"
ACTUACIÓN EN DIRECTO
Lugar: Auditorio "Torrente Ballester"


Nota:
Ó peche desta revista queda por concreta-las fechas e invitados dalgunhas actividades que se comunicarán no seu momento :

Ciclo de charlas de Medio Ambiente
"O NOSO ENTORNO".
XORNADAS DA GAITA
CURSO DE FOTOGRAFÍA
CURSO DE PINTURA (Adult@s e Nen@s)



Sex

http://pagina.de/@ Sex



LENDA DA ESCOLA



AS LENDAS ANTIGAS DAN PASO A IMAXINACIÓN...



Cando neste ano 2000 o concello de Narón sacou o libro de contos de Trasancos Eva Merlán Bollaín, na presentación do libro déronnos un exemplar para a escola de Pantín. Lémo-las lendas varias veces porque lles gustaron moito a tódolos nenos e nenas, tamén visitamos varias veces os lugares e as penas onde están localizadas as lendas, por iso se nos ocorreu a idea de facer coma unha lenda nosa, da escola. Entre todos e facéndoa pouco a pouco, en varios días relendo o feito, corrixindo, aumentando, matizando, etc, sen présas, quedou esta.. E é curioso como se lles ocurreu estar encantados no monte dos Penidos, ou de Santiago, o monte máis alto de Pantín é o lugar de maiores lendas, agás a lagoa. Polo demais, colleron ideas das lendas de Trasancos: a galiña e os pitos da lenda da pena Molexa, e os burros que aparecen no momento do desencanto, aínda que na outra lenda eran cabalos, da lenda d a Laureana (o dos burros resultoulles máis gracioso). Os nomes son os de cada un de nós, neste curso, por suposto, e cada vez que se relían entráballes unha emoción visible... O próximo curso farase a lenda en braille e ilustrada, en relevo, para que a poda ler e mirar Noelia.

Érase unha vez unha escola que había en Pantín, era o ano 2000, tiña 12 nenos e nenas e a profesora con trenza e gafas. Un día apareceulles un ogro xigante e malhumorado que quería come-los nenos e nenas crus e a profesora non lle deixou e o ogro que non os comera facéndolle mil tretas e enganos, entón o ogro moi enfadado fixolles un feitizo, converteunos a todos en pitos de ouro e a ela en galiña con gafas e trenza, tamén de ouro, que aparecían nas noites de luar nos Penidos, e soamente se podía desface-lo feitizo se alguen os vía e lles daba de comer trigo de prata. Entón pasaron os tempos e as familias morreron de tristura ó ver que desapareceran, e eles seguían enfeitizados pero, polo menos, entretíanse contando contos e xogando.


Un día, a muller do ogro, que era meiga, pasou pola Ramalleira e atopou unha nena e contoulle o que pasara noutros tempos. A nena algo oíra, pero sempre pensara que era unha lenda que lle contaba a súa avoa para entetela pero que non tiña nada de certo, e logo a bruxa díxolle: toma este trigo de prata, non perdas ningún gran e sobe ós Penidos unha noite de luar, antes do mencer, busca uns pitiños cunha galiña con trenza e gafas e pon un gran en cada pena, e vas dicindo os seus nomes, non te esquezas ningún, porque pode ser moi grave: Aarón, Cristina, Beatriz, Iván, Martiño, Serxio, Héctor, Brais, Noelia, Yaiza, Iria e Manuel e logo Sabela.

A nena, unha noite de luar, saíu ás agachadas da súa casa, e subiu ós Penidos cos grans metidos nunha caixiña. Polo camiño, tropezou cunha pedra e caeulle o gran máis grande e perdeuse no medio dos toxos. Ela non se deu conta. Entón, cando chegou enriba, puxo un gran en cada pedra ó tempo que chamou a cada un pola orde que lle dixeran, ó deci-lo nome, o gran convertíase en burro e saía o neno ou a nena chamado e montábase nun burro branco, que así eran, e saía desenfeitizado-a e así foi con todos-as pero, ó final, cando chamou a Sabela, como non tiña gran para poñer na pedra, a galiña quedou soa, moi triste sen os pitiños, e choraba tanto que naceu un río nos Penidos e, cando pasaba alguén por alí en noite de luar, escoitaba á galiña chamando ós pitiños.


Os nenos e as nenas sairon ledos pero, cando viron que non estaban as súas familias, buscaron á profe e viron que ela seguía enfeitizada. Entón buscaron á nena para saber como fixera e ela explicoulles, entón buscaron á muller do ogro e pedíronlle que a desenfeitizara, entón a meiga, apenada polos nenos e as nenas, deulles outro gran de prata e avisounos moito de que non o perderan, pois era o último que tiña e, se o perdían, xa nunca máis se libraría a galiña do feitizo. Entón na 1ª noite de luar subiron tódolos nenos e nenas nos borricos brancos e puxeron o grau na pedra máis grande dos Penidos e todos-as á unha berraron: SABELA, e Sabela saíu montada nun burro negro cunha mancha no cu branca e fóronse para o val. Sabela tampouco tiña familia, así que quedaron xuntos nunha casa que atoparon baleira e a nena que os desenfeitizou fixose amiga deles e alí xogaban, facían a comida, ían a un parque que fixeran mentres en Pantín e o pasaban chupi guai.

Un día que lle tocaba noite de luar subiron todos a busca-lo gran perdido e atopárono, e puxérono enriba da pedra de Santiago e chamaron ó ogro, Guliperto Caghpone, e veu, e convertíuse nunha rata peluda que saíu corendo para que os nenos e nenas e Sabela non o mataran en vinganza polo que lles fixera.

E colorín colorete esta lenda da nosa escola está rematada polo foguete Chisperrete.



UN XOVES DE TEATRO



A historia do teatro en Ferrol, de grupos de vangarda e rompedores coa liña clásica, así como o apoio ó teatro galego, veu sendo promovida polo Ateneo Ferrolán dende o seu nacemento, aló polo ano 1976, coma un dos seus eixos de actuacións.

Así, coa aparición da Mostra de Ribadavia (ano 19..), o teatro galego comezou a ter unha continuidade e estabilidade gracias a unha clara aposta promovida dende diversos puntos de Galicia por entidades coma o Ateneo Ferrolán. Esto viuse na presencia do teatro galego en Ferrol e nas propostas e colaboración do Ateneo co concello, mesmo nas pequenas reformas para dotar á Antiga Capela dun pequeno escenario onde poder face-las representacións.

Esta situación viuse reforzada cando o goberno tripartito da Xunta (ano 19..) estableceu un circuíto galego de representacións teatrais para grupos profesionais que facilitou un mellor coñecemento dos mesmos por todo o país.

No ano 19.. comezaron as obras do centro cultural , hoxe "Torrente Ballester", e por mor delas, as representacións teatrais que viña organizando o Ateneo Ferrolán fóronse realizando en centros de ensino, ata que o ministerio deixou de dar facilidades para tal fin. Paralelamente o teatro Jofre encareceu as súas condicións, co cal a situación voltouse moura para Ferrol desaparecendo a cidade dos circuítos teatrais.

Así, logo dun "impasse" de varios anos, o Ateneo Ferrolán tentou recuperar, unha vez máis, a actividade do teatro para Ferrol, convocando a tódolos grupos de teatro da comarca para analiza-la situación. Falamos de novembro do ano 1995, organizando unhas Mostras de Teatro Infantil e outra de Teatro Afeccionado con catro representacións simultáneas (Capela do Hospital, Carvalho Calero, Lestonnac e Balón) durante os cinco sábados do mes que serviron como reinicio ou recuperación dos "Xoves Teatrais", mantendo unha continuidade que levou a acada-la fidelidade dun público que dende aquela vén enchendo , cos seus altos e baixos, o aforo do centro cultural do "Torrente Ballester".

Todo hai que dicilo, esto foi gracias á xestión e traballo do Ateneo e o patrocinio do concello, quen confiaba e descansaba nesta entidade para levar adiante as programacións e organización dos "Xoves".

Cando falamos de compromiso co teatro galego e a cidade non falamos en balde. Temos moi recente esa representación teatral da "Batalla de Brión", do autor Fra Molinero, que foi realizada gracias á proposta e xestión do Ateneo, feitas dende a Asociación do 2º Centenario, coas xentes e grupos de teatro de Ferrol que realizaron esa estrea e representación no castelo de San Felipe, e a aparición dun colectivo teatral que, a pouco que teña o apoio necesario, dará moito que falar nun futuro próximo. O camiño está iniciado e a historia e o nome de Ferrol voarán por diversos escenarios co seu traballo e a firme vontade e respaldo de quen se queira mollar. O demais é falar.

A partir de hoxe, segundo se nos comunicou, e dun xeito unilateral, o concello quere asumi-la total responsabilidade de organización e programación dos "Xoves Teatrais", do cal nos alegrámos por canto supón. E todo esto, dicímolo sen ningun tipo de resentimento pola nosa banda.


O papel do Ateneo Ferrolán, coma o de calquera ateneo, é o de supli-las carencias da cultura oficial, en canto a promocionar unha actividade e propostas culturais que non se contemplan nas programacións, chamémoslle oficiais, e ás veces tamén ocupando un espacio en determinadas áreas ou actividades que, ben por incapacidade ou, ás veces por desidia, non se cobren dende organismos oficiais. Así se fixo cando Ferrol non contaba cunha sala de exposicións municipal e o Ateneo, durante varios anos, cumpriu ese papel de acolle-las exposicións de certo rango que eran enviadas oficialmente á nosa cidade. Na actualidade no Ateneo hai unha media de catorce exposicións cada ano.

Hoxe, que parece non somos necesarios, queremos saudar con satisfacción esa decisión de asunción de responsabilidades, do contrario non seriamos honestos con nós mesmos e co noso compromiso de loita pola cultura.


Hoxe tamén desexamos sinceramente, por Ferrol e polo teatro, os mellores éxitos e continuidade dos "Xoves Teatrais" ó tempo que tamén quixeramos expresar unha queixa, en voz alta e "sen acritude", porque pensamos que témo-lo dereito que nos dan todos eses anos de traballo calado.

Nós, como responsables da organización e "pais" da criatura, dos "Xoves Teatrais", témo-la obriga de comunicar a tódalas persoas que nos deron o seu apoio estes anos que deixamos esa función, e dicirlles que tamén asumimos o noso papel, que é o de seguir adiante. Hai moito que facer, en tódolos terreos da cultura.

Só despedirnos, deixando tamén claro que o que non asumimos son as maneiras. Cando menos permitídenos dicilo. Gracias.



Ateneo Ferrolán, un xoves de setembro



OUTUBRO

Venres 6 (20.30 h.)
Inauguración da Exposición de Pintura de:
CRISTINA VÁZQUEZ PÉREZ
do venres 6 ó martes 17.

Xoves 19 (20.30 h.)
Inauguración da Exposición de Acuarelas:
ISABEL FERNÁNDEZ
do xoves 19 ó martes 31.







10º Certame de Medio Ambiente "Ateneo Ferrolán".
Casa da Xuventude de Ourense

NOVEMBRO

Venres 17 (20.30 h.)
Inauguración da Exposición de Fotografía:
"CAMIÑOS dos ENCONTROS e da CULTURA"
Universidades Coruña e Braga (Portugal)
Organiza: Universidade da Coruña (Campus Ferrol)
Do venres 17 ó martes 28

Venres 21 (20.30 h.)
Inauguración da Exposición-Homenaxe:
JOSÉ LEYRA DOMÍNGUEZ
do martes 21 de novembro ó 9 de decembro
Lugar: Centro Cultural "Torrente Ballester"


Xoves 23 (20:30 h.)
Mesa Redonda:
"A PINTURA DE LEYRA DOMÍNGUEZ"

DECEMBRO

Luns 11 (19.00 h.)
Inauguración da Exposición:
"O NOSO ENTORNO"
Certame Medio Ambiente para Colexios

Xoves 21 (20.30 h.)
Inauguración da Exposición:
FEITURA ARTES PLÁSTICAS
do xoves 21 de decembro ó 7 de xaneiro





"Unha art

Tal vez o aspecto da creación audiovisual que máis chama a atención aos non introducidos neste campo sexan os elevados costes que conleva. Para calquera espectador non advertido resulta inexplicable que o orzamento medio dunha longametraxe norteamericana sexa de catro mil millóns de pesetas, chegándose en moitos filmes a cuadruplicar ou quintuplicar esa cifra. Pero, paradoxicamente, resúltalle de máis difícil comprensión aínda que o presuposto medio das películas españolas supere os trescentos millóns de pesetas, porque nestas case non hai efectos especiais.

Realmente, se ben os efectos especiais son en moitas ocasións os verdadeiros protagonistas dos filmes norteamericanos, non acostuman acaparar máis aló do 20% do orzamento. Son os elevados, por non dicir escandalosos honorarios das súas estrelas e, sobre todo, o capítulo destinado a publicidade e "merchandising", os principais responsables deses astronómicos custos. Pese a eles, a industria audiovisual ianqui segue boiante, constituíndo o segundo sector exportador daquel país en volume de divisas xeradas. O seu control total do mercado da distribución no seu propio país e no exterior, a creación de productos estándar, atractivos para calquera idade ou cultura, xunto coas poderosas campañas publicitarias de lanzamento, con reportaxes ou entrevistas pagadas en prensa e tv, fan que esas cuantiosas inversións sexan un lucrativo negocio.

En España e na maioría dos países europeos, exceptuando tal vez a Francia, as cousas son á forza moito máis modestas. Aquí a distribución internacional é case un soño que só un importante galardón nun festival internacional pode facilitar. A distribución nacional, baixo case monopolio USA, só está garantida para as obras de directores con nome ou con actores "con tirón" na taquilla. De cerca dun centenar de longametraxes que se producen ao ano en España só chegan a estrearse en pantallas comerciais unhas 70, a maioría das cales pasan só unha semana en cartel en tres ou catro cidades, e só 20 ou 25 delas acadan unha boa distribución a nivel nacional. Esta desacougante perspectiva desanima o investimento, limita o orzamento e polo tanto a temática e os efectos especiais das nosas produccións.


Pero ¿en que se gastan eses trescentos millóns? Fagamos un pequeno reparto aproximado.

Para unha longametraxe de 90 minutos adoitan rodarse uns 25.000 metros de película, que hai que comprar, revelar, etalonar e positivar xunto co negativo óptico que contén a banda sonora. Estes ineludibles procesos de laboratorio veñen costando uns 20 millóns de pesetas. Ademais, cada copia da película en celuloide custa unhas 800.000 ptas., sendo preciso un mínimo de 50 copias para que a distribución nacional poida ser efectiva. Por outra banda hai que rexistrar o son, os diálogos e a música, e mesturalo todo nun estudio de son. Estes procesos son longos e complexos, requiren alta tecnoloxía e persoal cualificado, polo que son caros: un mínimo de cinco millóns de pesetas, sen contar cos honorarios do compositor da música orixinal ou os dereitos de utilización de músicas xa rexistradas, que poden elevar esta cifra ata case o dobre.

A cámara e os seus accesorios (obxectivos, trípodes, grúas,...), o material de iluminación e os xeradores eléctricos autóxenos, así como os micrófonos e gravadores dixitais de son hai que alugalos durante as sete semanas (de media) que acostuma durar unha rodaxe. As tarifas dependen moito da calidade e cantidade do material empregado, oscilando entre o



e elitista"



medio millón e os tres millóns semanais.

A construcción de decorados é outro capítulo moi variable. Nun filme ambientado na actualidade poden utilizarse escenarios naturais, pero aínda así é preciso alugalos ou pagar permisos (incluso para rodar nas rúas dalgunhas cidades) e, por suposto, hai que decoralos e ambientalos co atrezzo axeitado á acción. Nos filmes de época, decorados e vestiario (este pode alugarse en certos casos), poden chegar a representar unha porcentaxe moi alta das necesidades orzamentarias.

O capítulo de persoal depende sobre todo do número e caché dos actores contratados. Estes son, xunto co director, o productor e o director de fotografía, os que perciben as maiores retribucións debido á súa maior responsabilidade no resultado final da obra. Non é preciso ser un Javier Bardem para cobrar medio millón semanal. O resto do equipo ten salarios moito máis modestos, pero tendo en conta o elevado número de integrantes do mesmo (microfonistas, xefe de son, axudantes de dirección, axudantes de producción, eléctricos, carpinteiros, rexedores, figurantes,...) compréndese a importancia dos gastos de persoal, pois ademais hai que pagar o seu aloxamento, desprazamentos e manutención durante toda a rodaxe.

Guión, seguros, aluguer de vehículos, teléfonos, contabilidade, e, sobre todo, o capítulo de publicidade (carteis, anuncios en prensa e televisión, presentación en festivais, etc.) completan un orzamento que moi dificilmente pode baixar dos 150 millóns de pesetas.

Nas curtametraxes habitualmente ningún integrante dos equipos técnico nin artístico cobra un peso. Case sempre se pagan eles mesmos os desprazamentos, sendo o catering un bocadillo e unha lata de refresco. Aínda así é case imposible producir unha curtametraxe en cine de quince minutos por menos de tres millóns de pesetas.



Este "pequeno detalle" pecuniario vén diferenciando ata agora á sétima arte de tódalas demais (a excepción tal vez da arquitectura), conferíndolle, na miña opinión, dúas penosísimas características. En primeiro lugar obriga a "vender" a obra antes de tela feita para conseguir así a financiación precisa, o que require grandes dotes de "capacidade de relación social" (léase pelotilleo, marketing persoal, amiguismo,...). E en segundo lugar obriga ao autor a amosa-la súa obra aínda que a el mesmo non lle guste debido a que el, ou algún membro do seu equipo, cometeu erros na elaboración. Se alguén pinta un cadro, escribe unha novela ou unha partitura e non lle satisface o resultado final, sempre pode gardala ou destruíla. Un filme non: custa moito diñeiro e hai moita xente involucrada na súa xestación.

O xurdimento das cámaras dixitais e a edición doméstica en ordenador, que abaratan ostensiblemente o proceso fílmico, así como a popularización de novas canles de distribución vía internet , confiamos que rematarán moi pronto con esta situación, democratizando esta arte das imaxes que a tanta xente nos fascina.

Biofilmografía de Paco Rañal
Francisco Rañal (Ferrol, 1967) é licenciado en Física e Técnico especialista en Imaxe. Tras varios anos en televisión e publicidade, na actualidade traballa de profesor de ensinanza secundaria.
"Coruña imposible" (1996), a súa primeira curtamertaxe cinematográfica, recibiu unha ducia de galardóns (mellor curta nos festivais de Zaragoza, Cádiz, Badalona e Irún, Bronze World Medal en The New York Festivals´96, mención de honra na New York Film & Video Expo´98,...) e foi seleccionado nunha ducia de festivais estranxeiros (Londres, San Petersburgo, Siena, Annecy, Bruselas,...).

Neste ano vén de estrear "Domingo", unha obra en vídeo producida e sufragada por el mesmo, que foi proxectada no Ateneo Ferrolán, e está preparando "Inútil", a súa segunda curta en cine con subvención da Consellería de Cultura.

Paco Rañal


MÚSICOS UCRANIANOS EN MINIBÚS BUSCAN PRODUCTORA

A moda europea "globalizada" de que os xóvenes adoezan por meterse nun sitio pechado (casa, isla, autobús) coa esperanza de gañar unha morea de cartos está a ser un método eficaz para chegar a fin de mes sen apuros, sempre que detrás se atope unha productora de televisión disposta a que o "producto" xenere cifras de ata catro mil millóns de pesetas. Con moito, moitísimo, menos se conformarían os catro músicos ucranianos que -granirmáns supervivintes pasaxeiros sen cámaras de TV- aparcaron o minibús en Ferrol, unha parada máis na sua viaxe pola vida.

Namentras a Europa do euro espía ó dolar dende abaixo, a outra parte do seu territorio xeográfico creóu emigrantes desesperados, ainda que non tanto como os que cruzan as columnas de Hércules en patera, ou os que viaxan de polizóns nos baixos dun avión, nas adegas dun mercante, ou adocenados na traseira dun camión. A emigración, que naceu galega, rebautízase nos países do leste, de África ou de Asia , permitindo que cheguen ata os recunchos ártabros persoas que nos enriquecen e que só queren, coma un día os nosos avós emigrantes, estar satisfeitos de sí mesmos, e co estómago cheo.
Nicolai Gaolaichine, Anolprei Komendat, Valerii Poplavskii e Vasilii Milianovskii decidiron gastar uns meses da súa xuventude (22-23 años) percorrendo Europa nun minibús, cos seus instrumentos. Son músicos coa casa as costas na súa primeira incursión fora de Ucrania. No auto cociñan, durmen, aséanse, conviven e, estes días, disfrutan da nostalxia en Ferrol. A paisaxe é moi parecida e a xente agradable e aberta...Nos gosta moito tocar en España.
Rematados os estudios no conservatorio, a única porta á esperanza ten rodas. Músicos ambulantes desafiando ó destino, nunca pensaran que fora tan fácil e tan difícil compartir viaxe vital, pero o peor está na rúa.
Eles non piden limosna. Ben e certo que teñen que comer do que saca o público dos petos, mais a cambio do disfrute, dunha pinga de arte en xornada de oito ou nove horas diarias. Buscan o mecenazgo dos viandantes abraiados pola interpretación musical. A esto chámase dignidade, o máis difícil de conservar cando se converten en invisibles para a xente que pasa sen ouvir.

Os oídos do Ateneo sempre están alerta para ofrecer un café a quenes o necesitan e, neste caso, un lugar de encontro esperanzado. Natalia Florea tamén veu do leste e, xa atopado o seu sitio no mundo -traballa no Ballet Galego Rei de Viana-, compartíu a esperanza cos músicos. Ela foi a intérprete das súas inquedanzas. Nela atoparon unha voz amiga e un fío de contacto co mundo musical e social ferrolán. O Ateneo quixo ofrecer a súa casa, pola súa calidade e solidariamente, a estes catro músicos, para participar como estrelas invitadas o pasado 31 de agosto no "Constantino Bellón".

Boa sorte para rematar esta viaxe de tres meses sen premio en metálico para o gañador, e sen delatores que expulsen os compañeiros. Ogallá atopen unha "productora".





Por Bea Picos

Queridas perplexas:

Felicitemos a un ser humano pola súa actitude moral

Dígoo, porque un teimudo militar, do cal o seu nome non lembro, vén de declarse homosexual en tódalas barbas do exército español. O meu aplauso, só lamento o tardío da acción. E é que, máis alá da tecniquería das situacións castrenses e legais, nas cales non me meto, é admirable ver a un ser humano enarborando con dignidade a bandeira dunha situación inxusta e que, por desgracia, mutilou a vida de tantas mulleres e a tantos homes.

Certamente, haberá quen lera a noticia con irritación. Haberá quen rache as súas vestiduras por xulga-la homosexualidade coma unha fraqueza. Sen embargo, antes de nos precipitar, bastaría con desempoar grandes exemplos da historia, para ver que a técnica militar non ten nada que ver coas tendencias da cama. Estou a falar, claro está, do mundo grego, os gregos antigos, os de pura cepa. ¡Ceos! ningún pensamento do home mereceu te-lo calificativo de filosófico, tan maiusculo e tan propio.. Ningún tan lóxico e tan benefactor. Porque, sin me trabuco, os gregos foron os único en dicir, que si algo tiña sentido nesta vida, era o home. Por tanto, a única misión do filósofo era dotar a ese home, as razóns que clarificaran o seu destino. O demais -queridas miñas- son tonterías, desorientación e mala idea. ¿Quizais non empregaron a súa intelixencia só en rastrexar a alma humana?. Por iso, non hai unha liña no seu pensamento que maxine unha vinganza eterna, nada que provoque o temor ós infernos, nin os tormentos do Máis Alá. O pensamento grego resgardou sempre a idea do límite. E por isto, conformouse con crear uns deuses, tan viciosos e tan terrenais, que non estaban para xulgar a ninguén e menos, para someter ós homes, augurándolles un aciago Xuizo Final. ¡Canta sabedoría hai, queridas miñas, no feito de que o Olimpo estaba pragado de vicios!.

Con semellantes predicadores, non é estraño que cadaquén puidera toca-lo corpo e concebi-lo sexo só a traves da beleza... Aí está a diferencia entre eles e nós. A nosa época, pola contra, so se alimenta de medo e pecado; algo completamente inútil para o ser humano, e rendible, ...moi rendible para o poder. ¿Esaxero?. Non, laméntome. Unicamente quería falarvos da gran vantaxe que sería ter uns deuses tranquilos, uns deuses que non ameazaran a ninguén. Porque, en troques, o que temos nós son uns poderosos fisgóns que din estar ó servicio do home e dictan, sen empacho, leis, case correctoras, dos nosos costumes amatorios, o cal xa é vicio. ¡Dicidme!... ¿Alguén se cuestionóu en Grecia as tendencias sexuais do Grande Alexandre?. Non, claro que non. Pois escoiten vostedes, señoras, as razóns da súa vida íntima, créanme vostedes, non lle impediron levar un exército de homes (xa sabemos como) ás fronteiras da mesmísima India. Nin lle impediron se-lo xeneral de máis sona no mundo, nin lle impediron a santa simplicidade de alentar á tropa, con frases do máis guerreiras.

¡Ah! E agarden vostedes... posto que comecei a remover toda esta lama, deixen que lles fale da última vergoña. Resulta que estes días, por aquilo do asunto de marras, ocorríuseme rele-la Anábasis de Jenofonte e... ¡máis do mesmo!. Case non daba creto ós indecorosos chismes polos que o exército grego tivo que pasar na súa famosa retirada. E todo, escoiten vostedes, falado con pelos e sinais. ¡Todo estaba tan claro!. Tan claro e puro como o mesmo ceo. Todo, porque os gregos só xulgaban ós homes polo seu valor intrínseco. E a moral so lle concirne a un mesmo, ninguén se pode meter a esa especie de xuíz teologal que os inquisidores de toda a vida adoitan levar na alma. Pódese ser homosexual, soldado, poeta, filósofo, sensitivo, burlón ou trotamundos, pero sempre tolerante cos dereitos dos demais. ¿Non vos parece?. Desgraciadamente foi entón cando se atravesou no noso camiño aquela relixión de pastores do Sinaí e as cousas xa non che foron o mesmo...

Ocorreu que, un día, diante do pobo xudeu presentóuselle un señor de idade (así, cando menos, o represéntan) chegado de Exipto, salvado das augas do Nilo e algunhas cousas máis que xa non lembro,



e púxose a berrar con plañideira voz avisándonos... que tiveramos coidado coa xoia da virxinidade, que rexeitáramo-lo sexo como algo natural, que aquel que desexara a muller de outro se preparara, ós tormentos do inferno. Naturalmente, eran as ordes dun Deus que, logo de crear á humanidade ó completo, tiña a desvergonza, de elixir como fillos seus ó pobo Xudeu, practican, pesia ser Deus e xusto, o máis detestble dos favoritismos. O día que analicei este feito con rigor, quedeime abraiada.. Ese Moisés da Biblia foi o home que máis prexudicou ó mundo; non prognosticaba máis que maldades. Ningún lexislador sensato, ningún filósofo serio tería a imaxinación suficiente para sacar da manga uns preceptos tan antinaturais como os que el afirmaba; pensei, sinxelamente, que era un parvo, un fresco e un insolente. Porque, de súpeto e, sen aterse a razóns, dun plumazo creaba o pecado, a culpa, o racismo e o sexo melancólico... ¡Oh, naturalmente que o mundo o creu!. ¡Agora é un personaxe..., un profeta!.

Nin que dicir ten que a partir de aquí a eternidade transformouse nun negocio de prestamistas. E as parcelas do ceo so se conseguirían a través duns intermediarios, que, pensandoo con calma, son para botarse a tremar. Crédeme, as relixións enganan dende o momento no cal comezan a facer unha moral contraria á natureza. Ese Deus, de barba nazarena, ten dabondo con castigar os pecados da guerra e a fame. Non penso que se entregue a eses delirios místicos de reprocha-la conducta sexual de ninguén.

Nin o autor máis enxeñoso dunha comedia mundana imaxinaría semellante drama, tal burla, contranatureza tan diabólica, unha relixión na cal se manifesta o santo desprezo á vida, á criatura dotada de pureza, para lle inspira-lo vicio. ¡Canto retorcemento brillaba ata nas súas verbas máis insignificantes!. ¡Que xeito de garanti-la eternidade do home, en lugar da espantosa traxedia na cal se vería envolto!... Podedes maxinar que me foi imposible adaptarme a semellante punto de vista.

Eu, pola contra, elixín os dereitos humanos para permanecer fiel á terra. Sigo a pensar que o sexo non ten un sentido superior e que a súa única misión é reproductora e satisfactoria. O demais paréceme tan pouco racional como a violencia e a astucia que practican os moralistas de sacristía. A dicir verdade, eu só son unha fiel admiradora daquel Zaratustra que pronunciou pola súa boca, as verbas máis fermosas que se teñan dito sobre o amor carnal: "Voluptuosidade: algo inocente e libre para os corazóns felices, felicidade de xardín terrenal, gratitude rebordante de todo futuro, que da gracias ó hoxe. Voluptuosidade: só para os murchos é un doce veneno. Para aqueles que teñen unha vontade de león non hai, no seu lugar, mellor estimulante: é o rei dos viños que se conserva con veneración. Voluptuosidade: a grande felicidade que simboliza toda a dita e toda esperanza suprema. Voluptuosidae:... pero xa é dabondo; quero pór unha cerca ós meus pensamentos e ás miñas verbas, para que os porcos e exaltados non invadan os meus xardíns".

Queridas, vexo que me alongo de máis e quédame por dicir unha cousa que será a última. Quero que alguén me explique como é posible que fosemos tan parvos e parvas, dándolle atribucións ó poder para goberna-la nosa vida íntima. "¿Qué é salvar ó home?". Berrarei con todo o meu ser: non é mutilalo, nin frustalo, nin prohibirlle a felicidade, é ... bo, sería todo o contrario. Sería alza-la vista ó ceo para crear nel un templo, tan cheo de naturalidae e tan cheo de tolerancia que nos relaxe.

Un aplauso para ese militar comprometido que soubo encarar unha moral falseada polos homes. Quen pretenda servir a un país, a unha idea ou á xustiza excluíndo a propia verdade, non serve a ninguén, nin a si mesmo. Só acabará servindo por partida doble á inxustiza. E, díganme vostedes, queridas perplexas, se se pode renunciar á vida polas intolerables macanas dos demais.


E outra pregunta adicional ¿non vos resulta estraño que Deus se manifestara a un pobo de pastores sen fuste, dicíndolles: sodes os meus únicos fillos... podendo face-la súa elección noutras partes do mundo de vital elegancia?. Sibaris, por exemplo.

Sempre no compromiso

Pepa Beltrán

O TROFEO





16 de marzo. No marcador do pavillón as bolboretas electrónicas voaban frenéticas debuxando números vermellos. 6. 5. 4. 3. 2. Escravizadas polo pito de Míster Clelia, que sinalaba falta persoal no medio dun acceso de tose felina, detivéronse en 1:72. Eng, parado a cinco metros do cesto, botaba a bóla tratando de interesala pola rede. Faltáballe un só punto para acada-los 23.600, o que significaría un novo récord na historia do Balón. Era este o seu último segundo do seu último partido da súa última temporada. Nada menos. 72 centésimas máis. En catro milésimas de minuto confluíron na súa mente tres anos de estudios de psicoloxía deportiva, un de proxeneta, vinteeatro tiros errados, dous vasos de leite, 82.000 espectadores, 1 segundo e 72 centésimas, catro afluentes do Dascia e unha Copa de Europa no piso de Giselle. O balón asubiou por fin a súa desnudez no aire quente, e, tras lamer impudicamente varias veces o aro rosado, caeu fóra da rede.

-*Un máis* -dixo Míster Clelia.

Berros de ánimo. Palmadas no cu. 82.000 gorxas alcolizadas acompasadas nun atronador *diem meum scis esse*. Papá. Suor baixo o labio partido. Giselle...

Eng botou tres veces coa man dereita, xuntou os ombreiros tatuados cos lóbulos das orellas, expirou fondamente, e lanzou o balón. Probablemente o último tiro da súa carreira. Ó redor da zona Milo e Chang facíanse sitio arqueando os brazos entre catro torres amenadas do Borgo. Míster Clelia observaba a Eng dende a liña de fondo. Giselle tapábase os ollos.

-Chof -miañou a rede ó seren penetrada.

O pavillón estoupuo de alegría e 82.000 burbullas multables por exceso de decibelios abalanzáronse sobre Eng emborrachándoo ó instante. 23.600 puntos. Case nada. Case a millón o punto. As bolboretas electrónicas aleteaban o seu frenesí. 23.600. Milo agarrou a Eng do colo e berroulle Barbaridades ó oído. Chang, menos sutil, limitouse a palmearlle as mans, bicarlle os labios, e facer choca-los peitos con son de bronce fundido alí onde ámbolos dous tiñan tatuada a palabra ESTRELA.

No seu despacho da clínica Anima Mundi, o doutor Salomon observa o listado das operación previstas para esa tarde. Unha voz aguda e afiada, como de anxo bo, murmuráballe desde o fío musical:

Polos opostos atráense.
Polos iguais repélense.
Polos opostos atráense.
Polos iguais repélense.
A Natureza imanta ós seus cachorros. Non hai nada que facer.

-Señorita Lobo, ¿pode traerme dúas aspirinas, por favor?

¿Parti-lo neno a golpe de bisturí? ¿Dividir un corpo, un alma, un todo, en partes irreconciliables? ¿Ou permitir unha aberración, un monstro de dúas cabezas, unha gorgona horripilante coma un ídolo prohibido, feito de bronce e sangue, para exemplo e horror de tódolos Cidadáns? ¿Cal das dúas mulleres ten razón? O amor puro de Giselle é indubidable. Véselle nos ollos un fondo de piedade desesperada, tinguida cunha sensación de perda inarranxable. E aínda así avoga pola non intervención, pola permisividade, pola renuncia. Aínda así avoga polo amor.

E pola outra banda está a Presidenta. Non podo, non debo facer caso omiso das súas instruccións. É necesario cortar de raíz calquera brote maligno que poida poñer en perigo a seguridade física e moral dos Cidadáns. Os sentimentalismos deben quedar fóra das decisións importantes. É preciso intervir.

Polos opostos atráense.
Polos iguais repélense.
Polos opostos atráense.
Polos iguais repélense.
Deus imanta ós seus cachorros. Non hai nada que facer.

O reflexo azul dun anuncio de neón daba vida ó bronce dun trofeo esquecido nunha vitrina a escuras, rodeada de fotografías en branco e negro de Eng e Giselle. As pegadas dactilares, eliminadas anos atrás con limpametais, amosaban desde o seu pedestal inexistente, días de suor e gloria en pavillóns estranxeiros, días de suor e éxtase na cama de Giselle, días de suor e desesperación no sofá de coiro que agora xa só usa ela. Pensara que a Copa era o trofeo da súa unión con Eng, un cíclope mudo e inmóbil que vixiaba o seu amor cun ollo de neón azul, coma un ídolo broncíneo ó que ofrenda-lo seu desexo.

Agora só vía nel o símbolo masculino dunha victoria brutal, allea por completo a ela. Só vía os ollos, os sorrisos, a suor, os abrazos de dous homes eufóricos nun vestiario turco, rodeados de berros silenciosos paralizados na infinidade dun segundo.

Non era o seu trofeo. Era o símbolo inequívoco da victoria terrible de Eng e Chang.

-As súas aspirinas, doutor.

CIRURXÍA

23 de marzo.
Doutor Salomón. Quirófano C.

- 15:00. Túmor benigno no cóbado. Extraer con anestesia local.
- 17:30. Prótese de cadeira. Peza en posesión da Srta. Lobo.
- 21:00. Separación de siameses univitelinos. Incisión pola palabra ESTRELA.
- 23:45. Fimose múltiple. Evitar á prensa.

Polos opostos atráense.
Polos iguais repélense.
Polos opostos atráense.
Polos iguais repélense.
O Home imanta ós seus cachorros. Non hai nada que facer.

Por Héctor Blanco.

Un Rio de Lembranzas



Despois de deixar atrás unha estrada chea de curvas, o coche chegou ó cume do monte e iniciou o camiño de baixada. Foi entón cando María puido ver as paisaxes que gardara durante tanto tempo na memoria: a pequena vila, o río beirado de salgueiros, o val que se abría nun mosaico de prados e leiras, prolongándose ata a liña do horizonte, onde xa se adiviñaba o mar. Notou que a invadía unha excitación case infantil, un desexo repentino de saír do coche e botar a correr monte abaixo, como algunha vez fixera naqueles anos de nena que estaban xa tan distantes.

Refreou o impulso de expresar en voz alta a súa alegría, de contarlle ó seu home as emocións que a inundaban por dentro. Xa lle levara tempo convencelo de que se desviaran ata alí, de que tanto tiña chegar a Bilbao á tardiña ou á noite, que había tempo dabondo e o Guggenheim non se había mover do sitio... O seu home aceptara de mala gana, aínda que ela ben notara que non entendía, nin lle interesaba, o desexo seu de volver a aquela vila afastada das rutas habituais, un deses lugares perdidos que a xente non visita porque non hai neles nada que incite a facelo.

Tamén María se sorprendera cando aflorara nela aquel desexo. Comezara a notalo había varios meses, case coma algo imperceptible que aparece sen saber cómo na memoria; pero logo a arela fora medrando ata acabar por converterse nunha obsesión. "Foron seis anos alí, dos nove ós quince; seis anos importantes para min", dixéralle ó seu home. "Moi importantes non serían, cando teus pais nunca te volveron levar aló", contestáralle el. Era verdade; seus pais nunca volveran á vila, e mesmo se resistían a nomeala, coma se desbotándoa das conversas a borrasen tamén da súa memoria. Unha vez

Ríos de la memoria tan amargos
Antonio Martínez Sarrión

que lle preguntara, súa nai dixéralle que aquel, para eles, fora só un lugar de paso, onde non deixaran raíz ningunha. Pero agora María experimentaba algo ben distinto, porque na súa memoria foran xurdindo, coma restos que o desexo deixa ó descuberto, as lembranzas daqueles anos en que vivira alí. Unhas lembranzas que alimentaran nela a ilusión de volver, un desexo que por fin estaba a punto de cumprir.
O coche fixera xa todo o descenso, e iniciaba agora a entrada na vila. Estaba cambiada, pero non tanto como para que María non se soubese orientar por aquel labirinto de rúas estreitas. O seu home miraba para ela, cunha ollada entre interrogante e irónica, con ese aire de suficiencia que ela coñecía tan ben, e contra o que xa non loitaba, despois de tantos anos. Chegaron á praza, pola que o tempo parecera non pasar, e embocaron logo nunha rúa algo máis ancha. "Para, para, é aquí", dixo María, sinalando un edificio que sobresaía entre as casas máis baixas que tiña ó lado. "Mira, aquí viviamos nós, no número 85. Pero a casa era outra, deberon tirala para facer este edificio". Agora falaba con crecente entusiasmo, coma se o vise todo por primeira vez. "Aí, onde ves todo ese bloque de vivendas, estaba o prado no que xogabamos. E algo máis aló había un campo, o campo do penedo; chamabámoslle así porque no medio tiña unha rocha enorme, que saía da terra coma se fose o lombo dun animal prehistórico".
Notou que o seu home a escoitaba sen oíla, alleo ás súas emocións. "Vou ir andando ata alí diante. ?Queres vir comigo?", preguntou, adiviñando xa a resposta. O marido fixo un aceno case despectivo e respondeu que prefería quedar no vehículo. María saíu e embocou unha calella estreita; despois de rodear unha mazá de casas, bateu co campo que buscaba. Malia os cambios, aquel era o escenario que ela gardaba na memoria; agora fixeran alí un parque, pero respectaran o enorme penedo, que semellaba unha escultura abstracta rodeada de xogos infantís.
Botou a andar por un dos camiños que cruzaban o parque. A medida que avanzaba, notaba como regresaban á súa memoria lembranzas que cría esquecidas. Era como se baixo terra houbese un xigantesco acumulador de memoria que se poñía en marcha ó contacto dos seus pasos, como se alí estivesen gardadas as vivencias dos anos que pasara naquel lugar.
Achegouse ó penedo e sentou nun dos saíntes que tiña a rocha. Pechou os ollos, deixándose levar polas lembranzas que acudían irrefreables á súa cabeza. Alí, fora alí, detrás daquela rocha, onde Carlos lle dera o seu primeiro bico. Carlos, ?que sería del? Nunca máis volvera velo, as cartas súas deixaran de chegarlle ó pouco tempo de marcharen; era normal que cada quen seguise a súa vida, o seu non fora máis que un amor adolescente. Sentiu unha puntada de nostalxia ó lembrar o calor dos labios de Carlos, ó revivir as sensacións que provocaran nela aquelas mans explorando medrosas o seu corpo, acariñando uns peitos daquela só insinuados.
Ergueuse e, dun xeito case inconsciente, tentou repetir os movementos que os dous fixeran aquela tarde. Lembraba que foran ata o regato, collidos da man, e que Carlos lle dera unha flor azul, a mesma que aínda tiña gardada entre as páxinas de A perla, o libro de John Steimbeck que el lle regalara polo seu santo. Pero, por máis que o buscou, non atopou regato ningún.
Desconcertada, ollou ó seu redor. Un home atravesaba o parque, con présa. María parouno e, despois dun intercambio de frases rutineiras, fíxolle a pregunta que a inquietaba: "?E non había un regato por aquí?". O home ficou en silencio, como sorprendido. "Había, si, o regato que baixa do outeiro. Ségueo habendo, pero agora vai por baixo do parque. Canalizárono cando fixeron a Casa da Cultura".
O home marchou, e María ficou de pé durante algúns minutos, sen saber ben qué facer. Logo, desandou o camiño e volveu ata o coche. Abriu a porta e meteuse dentro. O marido abandonou o periódico de cor salmón e arrancou o vehículo, sen dicir nada. Tamén ela permaneceu en silencio, mentres ollaba como atravesaban a vila e deixaban atrás as últimas casas. Unha bágoas viñeron ós seus ollos. "?Que che pasa?", preguntou o home. "Nada", contestou ela. "É o frío, ben sabes que me fai chorar os ollos". O marido pareceu dar por válida a resposta e concentrouse na condución, tentando recuperar o tempo que perderan con aquel desvío. Ela tamén calou, aínda que sabía ben que non era o frío o que causaba aquelas bágoas.
Alí quedaba a súa infancia, sepultada polo río do tempo. Agora sabía que sempre deixamos unha parte da nosa vida nos lugares onde vivimos, abandonada neles coma eses fíos de néboa que quedan enganchados entre as árbores. E sentía que tamén por dentro dela corría un río subterráneo, un río canalizado e oculto, demasiado oculto. Unha canle fría e sólida coma o cemento, destinada a acoller todas as ilusións que o tempo se fora encargando de destruír.
Interrompeuna a voz do seu home, que falaba de buscar algún lugar para comer, e das horas de viaxe que aínda tiñan por diante. María fixo un esforzo por conter as lágrimas e volver á realidade. Ollou o seu reloxo e esbozou un sorriso; logo, facendo coma se calculase as horas, contestoulle que non se preocupase, que tiñan tempo dabondo e que, con seguridade, antes da caída da noite habían chegar a Bilbao.

Agustín Fernández Paz



O PODER DO BOSQUE

Perfís de toxos.
Abdomes dormidos nos aledaños do deserto.
A suave voz da lagartixa ecoando no corazón do bosque.
Cervos. Águias. Xabaríns. Grilos.
Ocultas fontes.
Cuño do bico en corpo presente
a carón da orella.
Cañóns que pertenceron a unha alma ida,
agora alma do Demo.

E o rezo da semente ó chegar
maio, teimoso coma un ábaco,
rexo e disposto
corpo de Xuíz xeneroso en alma de neno.
Calculador e prohibido
coma cálo prófugo:

olvidados carballos
nun inverno de Galicia.

As mans eu doyuche e ti dasme desterro.
Fago vibrar o aire coa voz, e calas
de súpeto, soberan en silencio.
Marcho ó cabo, o teu feixe de palabras

maldicindo; odiando a túa rexa alma
chea de tenaces, pinzas e martelos
que atafegan o meu corpo ata os beizos,
iceberg facéndome con escarzas.

Mar son de incomprensión, de non cordura.
Home sen rumbo, sen introido, sen cura.
Pazo de viño nómade, ausente.

Nas apertas dóeme a túa armadura
(doce omnipresencia no amor, na amargura)
consumídoselle no xeo finalmente.

Amar a un rezo entullado na gorxa.
Un ceo fendido polo tempo e o raio.
Cinsa de corvos na etérea memoria.
Neboeiros idos sen ceos nin orgasmos.

Amar pode ser o instinto da carne.
O meigallo do contacto en devezos.
A suor. A patria enteira dos goidélicos.
A perda do escudo e tamén da fame.

Amar vai sempre procurar o riso.
O olfato precisa os pasos do amnte.
A vista enrouquece ó peito salgado.
O oído escoita o que nós non oímos.


O gusto é o medo. O tacto o desastre:
Mans que me estalan no único epitafio

Pesan as mans, Sir, cando vén a morte.
Nas enrugas aférranse á memoria,
o tempo ido, ... e os saudos das Orlas todas
que na vida, Sir, calan e non comen.

Bo Sir: ¡que as mans me amputen se é preciso!
¡Que no peito me espeten mil dedos índices!
¡Que en min se pousen un millón de crimes
ou de mineiros corazóns espidos!...

Xa sei que ninguen merece tal pena,
Sir. Eu son o que cuspe embrións, cuspe fouces,
terras inimigas, vermes, bandeiras
dos Homes que en mín crían, créndome EU home...

Serei, Sir, un frío vento en Fisterre.
Desp'ois, no cadaleito, a túa APERTA...



Ismael Martínez

"O TELAR DE TALÍA"

Avenida de Esteiro, Luis Calvo falame dunha xuntanza teatral para poñer en marcha un proxecto co gallo do bicentenqario da Batalla de Brión. Bartoleta, Amistad, N+1, Farfanía e xente do teatro fan realidade esta xuntanza.

TEATRO HISTÓRICO

Fra Molinero presenta a peza teatral "Batalla de Brión". O pasado ano fixo bautismo con "Unha traxedia irmandiña" para o festival de Moeche; é a segunda vez que poño en marcha unha creación de Fra, onte, en solitario, hoxe codirixindo María Xosé Doce e Helga Méndez.

Pedín uns días, pois necesitaba estudiar a temática histórica; as liortas co francés ou inglés; Peñón enriba, témolas, neste País, que enfiar polo miúdo. Co atenuante co Molinero é docente histórico. Apostei pola obra histórica; un xeneral masón, liberal e represaliado ante o Poder Absolutista. Un cántico á Paz. Din o Si.


Móvese nunha liña dialéctica, coa posibilidade do Heroe-Traidor. Tamén, o Autor participa da Escola francesa dos "Annales": amosar a pequena historia cotiá, o pequeno detalle costumbrista. Preferimos non perdernos no detalle e manter auquela liña dialéctica, onde o público poida seguir un camiño histórico científico e non a "historia" de casualidades.

Entendo o silencio do público, case un milleiro, nunha representación longa (dúas horas), como boa resposta á dramaturxia do Grupo Teatral "FERROL", non afeito a este tipo de Teatro Histórico.

A DRAMATURXIA

O Centro Cultural "Carballo Calero" foi escenario dos ensaios, martes e xoves, de oito trinta ata as once ou máis da noite.

Traballamos para facer realidade o proxecto: problemática nos idiomas (galego, castelán, italiano, francés, portugués), deseño escenográfico, musical, iluminación, maquillaxe, vestimenta, etc.




Nesta laboura, a responsabilidade vai a ser compartida cun artístico apoio de Fernando Ocampo (vestimenta, programa, proxecto, documentos da época, ordes de liberdade...), Anxeles no maquillaxe; A. Parra con espadas familiares, Cabanas con chaves para o carceleiro, Carlos "o francés" carretou casetoda a casa...

O deseño musical suliña aqueles momentos históricos de obrigada puntualización: Bethoven con "Fidelio" para aqueles liberais encadeados no castelo mallorquín (Bellver), Mozart no terreo da Masonería (Cantatas rituais das loxias), Marsellesa para os revolucionarios franceses, Farinelli e "castratis" polos seus laios amorosos na Corte dos primeiros monarcas borbónicos (coa impronta na música dos séculos XVIII e XIX), tamén Bocherini, Bach remata cunha Cantata pola Paz, engadindo yuniversalidade dende vivencias luteranas.

O espacio escénico tiña fundamento no "muro" (" Tirar co muro do Arsenal. ¡Estes ilustrados!") e valor simbólico de certa sicoloxía ferrolán na que participan o xeneral, a filla, o Marqués de Sargadelos e cantos viven vencellados á cidade. Non foi posible, pois dependemos fortemente doutros intereses, non foi realidade cando faltaban dous días.


Máis sorte tivemos co deseño de luces, traballando o equipo técnico intensamnete para acada-las pinceladas axeitadas que iluminaran tal traballo teatral. Sempre ó pé, sen pausa, rematando con nós os ensaios, e despois, recolle.

A noite da estrea no Castelo de SAN Felipe, cun gran silencio do público, é coma rúbrica deste compromiso coa Comisión da Batalla de Brión e o Concello de Ferrol. Gracias pola vosa confianza e tamén ó público.




Roberto Casteleiro
Codirector da Obra


matarratos






Une os puntos e descubre un animal africano





crucigrama cheo de cousas para pintar



Labirinto
Indicalle o camiño ó autobús para chegar ó colexio.

Truco
Cun 6 e un 4 fago a cara do teu retrato.

Chega a 3000 empregando só seis 3.


Solucións

LEPAP
a l
PINCEL
l T
S u
R
a



333
× 3
999
× 3
2997
+ 3
3000

Por Sabela Arias


ATENEO FERROLAN